

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2017.

No Pazo Municipal de Ferrol, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día 13 de febreiro de 2017, reuniuse o Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Iltmo. Sr. Don Jorge Juan Suárez Fernández, coa asistencia dos seguintes señores/as: Dona Martina Aneiros Barros, Don Jesús Basterrechea López, Don Francisco Javier Breijo Devesa, Dona Verónica María Casal Míguez, Don Germán Costoya Casas, Dona Eva Espiñeira González, Dona María de la Luz Fernández Lemos, Dona María del Carmen García Fraga, Don Alejandro Langtry Caínzos, Dona María Esther Leira Penabad, Dona M^a Fernanda Losada Rodríguez, Dona María Susana Martínez Galdós, Dona Rosa María Martínez Beceiro, Dona Rosa María de las Nieves Méndez Fonte, Dona José Álvaro Montes Celeiro, Don José Pedrouzo Bardelas, Don Antonio Iván Rivas Rico, Dona Ana María Rodríguez Masafret, Dona Sainza Ruiz Ferreño, Dona Beatriz Sestayo Doce, Don José Tomé López e Don Luís Miguel Victoria Gallego. INCIDENCIAS: Antes de tratarse o punto 1 interviron o Sr. Ramos Armesto e a Sra. Casteleiro Fernández. Ás 12:00 h. gardouse un minuto de silencio por mor da vítima de violencia machista. Ó inicio do punto 2 abandonou a sesión o sr. Montes Celeiro e a sra. Méndez Fonte fixoo ás 12:06 h. D ISCULPAN: Don Bruno José Díaz Doce. Asistidos polo Secretario Xeral Don Leopoldo Moure García e polo Interventor Municipal Don Manuel Roel Hernández-Serrano, ó obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente a este día, adoptándose os seguintes acordos:

SR. ALCALDE: Moi bo día, compañeiros e compañeiras de Corporación, persoas que asisten a este Pleno. Comezamos esta sesión extraordinaria do día 13 de febreiro de 2017, con dous puntos na orde do día, que vamos a someter, aínda que é votación separada, a debate conxunto. Antes de comezar hai dúas peticións de palabra pedidas, vamos a darlle a palabra, por orde de entrada no Rexistro do concello, en primeiro lugar ó Sr. Fernando Ramos Armesto.

SR. RAMOS ARMESTO: Bos días, Sr. alcalde e demais concelleiros e concelleiras presentes no Pleno e público en xeral.

Vimos en representación da Plataforma na Defensa dos Servizos Públicos pola Remunicipalización, herdeira de iniciativa cidadá pola xestión pública e social do círculo da auga e do saneamento na contorna da ría de Ferrol e do movemento veciñal contra a taxa, que temos presentados como lembrarán milleiros de sinaturas e milleiros de alegacións por outro saneamento, a reivindicación a prol doutro saneamento e contra a taxa que resultou ser, ó noso entender, unha estafa.

-Sr. alcalde, antes de nada quero comezar por algo que nos preocupa ó conxunto da veciñanza: O saneamento integral da ría de Ferrol. Méntese cando se nos di que se estamos contra a taxa estamos contra o saneamento ou que queremos retrasar o saneamento. Non é certo. Máis ben é falso. Nós precisamente demandamos e anhelamos un saneamento integral que impida que as augas residuais contaminadas

cheguen á ría e que estas reciban un tratamento adecuado de depuración e non con un proxecto obsoleto, desfasado, que chega tarde e que no caso de funcionar vai depurar a medias e cun gasto enerxético desmesurado, ademais de supoñer -insistimos moito neso- un negocio privado antes que un servizo público.

Queremos que se aplique a taxa en como mellorar o proxecto para que contemple o necesario saneamento integral da ría que posibilita a súa rexeneración, aínda que este non é o proxecto que se necesitaba, todo o que implique menos verquidos contaminantes sempre será mellor que non depurar nada. Máis unha cousa é comezar a depurar xa e outra cousa moi diferente querer impoñernos unha taxa inxusta. Polo menos segundo o noso punto de vista. Sen transparencia, non participada, non explicada e abusiva, que só responde á necesidade de negocio de quen manda en Emafesa, isto é a parte privada. Mesmo teríase que ter comezado a depurar desde o momento que remataron as obras e que vostede e os técnicos responsables explicaran en que consistiron ditas obras, cal foi o seu custe e quen o vai pagar.

-Sr. alcalde, dende a Plataforma non podemos estar de acordo cunha taxa onde non houbo participación veciñal na súa elaboración. Unha taxa que se pretende aprobar en base a un informe, o da empresa Emafesa, no mes de novembro do pasado ano e que non se deu a coñecer inmediatamente para o seu estudio e facilitando o poder presentar estudos alternativos ou propostas alternativas por parte das asociacións, plataformas ou veciñanza afectada.

Dende a Plataforma non podemos deixar de ter en conta que quen elabora este informe é a parte privada de Emafesa, que ademais é en realidade -non nos enganemos- ten o control da mesma. Estámonos a referir a Socamex. Esta empresa é responsable da crise da auga do verán de 2015; e mentiu, tanto co goberno de Rey Varela, dicindo que depuraba a Edar de Prioriño e foi a empresa que cobrou unha taxa ilegal. Con estes antecedentes esta Plataforma non acaba de entender como este goberno municipal non ten acudido á Fiscalía e asume este novo informe sen explicalo á veciñanza, sen sometelo a consideración das asociacións veciñais e sociais da cidade, pois, como este goberno ben sabe, a profesionalidade e bon facer de Emafesa está sendo moi cuestionada dende hai tempo.

En definitiva, se nos quere impoñer unha taxa sen someter á elaboración da súa cuantía o proceso, a un proceso participativo, como ata o de agora víñamos defendendo. Incluso vostede viña defendendo.

Con asesoramento técnico, no pouco tempo dende que o informe de Emafesa chegou ás nosas mans, temos elaborado unha valoración alternativa no que cuestionamos o elaborado por Socamex. Ó noso entender, as cantidades de auga a depurar e os custos eléctricos están claramente sobredimensionados, de tal xeito que o cálculo da taxa feito por Socamex ascende a 58,96 euros ó ano, fronte ós 30,39 euros ó ano ou 2,53 euros ó mes no estudo elaborado pola Plataforma. Estudo que está a disposición de quen queira coñecelo e como suele dicirse destripalo, miralo do dereito e do revés.

Esa cuantía, reflectida no informe de novembro de 2016, coincide curiosamente coa taxa ilegalmente cobrada no 2014. Unha taxa cuxo cálculo xa fora cuestionado, entre outros, pola Fundación Río do

Pozo e polo Concello de Narón, polos grupos municipais do PSOE, de Esquerda Unida, do BNG e pola iniciativa cidadán pola xestión pública e social do ciclo da auga e do saneamento en Ferrol, da cal vostede forma parte activa.

-Sr. alcalde, dicíamoslle ó anterior alcalde, Rey Varela, e agora volvemos a reitérallo a vostede, demandamos transparencia total nun investimento millonario que non se deu ata o de agora, coa toma de decisións unilaterais e que só deixa á veciñanza como única potestade a de pagar unha taxa de saneamento que nin está explicada nin xustificada na súa cuantía.

Dende a Plataforma vemos con preocupación a intención de inxectar, vía orzamentos municipais, dous millóns e medio de euros para sanear á empresa Emafesa. Unha empresa controlada pola súa parte privada, Socamex, como xa dixemos, onde o concello, a pesar de ter o 51% non ten nin capacidade para destituír a Xerencia. Unha empresa, Socamex, que comparte asesoramento xurídico do bufete de Lama & Asociados co propio concello, en claro -ó noso entender- conflito de intereses. Unha empresa que debera responder ante a Fiscalía das súas actuacións e da situación de quebra técnica actual, que pretende ser saneada con diñeiro público, como non?, cando a cidadanía non temos ningún tipo de ferramenta de control sobre a súa xestión. Unha empresa que xestiona un servizo básico como é o da auga, que debera ser rescatado para a xestión integramente municipal, mediante a denuncia dos incumprimentos e irregularidades cometidos por Emafesa baixo o control de Socamex. Unha empresa á que o propio concello non se dá o visto bo ás súas contas anuais. Unha empresa que nos cobrou unha taxa por unha depuración que non existía. Unha empresa que non ten pensado devolver os máis de 800.000 euros que ten cobrado indebidamente e que pola opacidade das súas contas pouco saben a donde foron derivados eses ingresos.

-Sr. alcalde, non queremos pasar a oportunidade de demandar publicamente o que xa temos feito en persoa. Trátase dunha explicación pública dos traballos desenvolvidos pola empresa Espina y Delfín, por certo, implicada nos papeles de Bárcenas, concesionaria en 2014 da posta a punto da Ebar e da Edar, segundo manifestou a concelleira Martina Aneiros en rolda de prensa realizada en marzo de 2014, cando formaba parte do goberno municipal do Partido Popular. Empresa contratada, segundo a concelleira, por Acuaes Augas de Galicia. Queremos saber en que consistiron os traballos, canta xente traballou e cando, cal foi o seu custe e quen pagou. Queremos que se faga público o informe de obra de posta a punto, pois foi Augas de Galicia e logo Emafesa quen recibiu a estación de bombeo e a depuradora en mal estado. E postos queremos saber cal foi a función inspectora de Augas de Galicia, se hai algún informe ó respecto da súa función inspectora que lle asigne a Lei de augas de Galicia e os regulamentos que desenvolven, ó respecto da Edar, Ebar e o resto do sistema chamado saneamento, pois moito nos tememos que a chantaxe contra este concello, desde esta empresa, ten que ver coa súa ineficacia e non facer asuncións en todo o referente a este asunto.

Esta Plataforma naceu coa intención de pular por procesos de remunicipalización que permitan blindar servizos fundamentais fronte á voracidade das grandes empresas e grupos económicos, que nin

garanten mellores servicios nin que a calidade e os custos dos mesmos sexan máis beneficioso para a cidadanía. Todo o contrario. No caso do saneamento, o abastecemento de auga neste concello vemos con preocupación que o camiño se estea a facer no sentido contrario, cedendo a chantaxes de institucións como Acuaes, Augas de Galicia, cuxos actuais responsables políticos están ó servizo das grandes empresas, privatizando a xestión e mantemento. Esta Corporación, xunto ó goberno municipal, pode seguir facendo máis fondo o buraco onde esas empresas teñen soterrados os nosos dereitos ó poñerlles fronte mobilizando á cidadanía máis consciente do pobo de Ferrol para que o dereito á auga e o dereito ó saneamento, deturpados por interese de lucro económico, non encallan como unha lousa sobre esta cidade tan empobrecida, envelentada e castigada.

-Sr. alcalde, solicitámoslle o que xa temos pedido con anterioridade e o volvemos a reiterar, que retire a taxa da orde do día, que se dirixa ós veciños e veciñas e explicar polo miúdo desglosando e baseado en datos certos e concretos por que temos que pagar esa cantidade abusiva para un saneamento cun modelo intensivo enerxeticamente, non separativo, totalmente obsoleto, ó contrario do que se está a facer noutras cidades.

Queremos tamén reiterarlle que nos confirme se a taxa indebidamente cobrada por Emafesa vai ser devolta ós veciños ou veciñas que a pagaron ou será compensada en futuros recibos.

-Sr. alcalde, reiteramos, retire a taxa, abra un proceso explicativo en audiencia pública e poña as bases para empezar un proceso de remunicipalización, porque só dende a xestión pública integral do ciclo da auga poderemos garantir a necesaria transparencia e eficacia do servizo.

Gracias e gracias pola paciencia.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sr. Ramos.

A seguinte persoa que ten solicitada a palabra e M^a Victoria Casteleiro.

SRA. M^a VICTORIA CASTELEIRO: -Sr. alcalde, concelleiro e concelleiras, bo día a todos e a todas

En primeiro lugar, agradecerlle ó Sr. alcalde a concesión do uso da palabra nesta sesión plenaria. Palabra á que se unen as persoas que me acompañan e outras que debido a este horario, tan temprano, non lles foi posible asistir.

O tema de aprobación da taxa de saneamento a ninguén lle é indiferente.

-Perdón, que estou moi nerviosa, que é a primeira vez que me pasa isto.

Por iso ben vale a pena facer esforzos en casos tan preocupantes coma o que hoxe vai tratar aquí. O saneamento da ría é algo básico e imprescindible. Sabemos que imos con retraso respecto doutras zonas co mesmo problema e que os vertidos das augas residuais ó mar aumentan e contaminan cada día máis. Pero os cidadáns non temos culpa dun saneamento tardío nin que os que fixeron o proxecto non tiveran a visión suficiente para que o resultado dos colectores, tanques de tormenta, depuradora, etc., non garanten un saneamento íntegro. Algo que condiciona o futuro da ría e que pon de manifesto que tanto traballo e cartos públicos invertidos non garanten a

efectividade dunhas augas residuais saneadas ó 100%, como todos sabemos. Feito este moi preocupante.

Estamos fartos de asumir procesos herdados do Partido Popular. Decisións políticas que no canto de solucionar os nosos graves problemas, tal e como deberan, deixan ó descuberto o pouco que lles doen a algúns gobernantes os cartos dos cidadáns. Boa proba diso, entre moitas outras, é a depuradora e todo o que envolve o proceso de saneamento da ría. Prazos incumpridos pola empresa e mala xestión de Emafesa, etc. E logo se pretenda que os cartos derivados sexan asumidos polos ferroláns e ferrolás, como se non abonaran os impostos e pago dos soldos daqueles que din presentarse ás eleccións para loitar por un Ferrol mellor e por un benestar da cidadanía cuio resultado é evidente que non sempre é así.

Non queremos pasar deste tema sen manifestarlles que en política non vale todo. Quen goberna ten que facelo para todos e todas en igualdade e coa máxima responsabilidade e ten que cobrar por elo. E quen non cumpra con esa responsabilidade non pode cobrar como se tivera ou polo menos non debería e, polo tanto, máis que decepcionante, a situación que está a dar con relación a este asunto a nosa Administración Local. Soldos, dedicación exclusiva a quen non exerce. Por iso entendemos necesario que se aparquen diferencias políticas e se poñan vostedes a traballar arreo para levantar unha cidade que máis que nunca precisa unha solución inmediata antes de que a situación se volva irreversible. Unha boa oportunidade para facelo é que se revise e se fiscalice o funcionamento de todas as partes implicadas no proceso de saneamento e se intente reconducir calquera resultado derivado. Non por poñer en breve prazo en funcionamento este sistema de saneamento da nosa ría van desaparecer situacións que consideramos inxustas, por ter que pagar unha taxa sen que estean claros os argumentos para facelo.

Así mesmo, entendemos que para levar a cabo o anterior deberían pedirse previamente responsabilidades ós que levaron á situación actual, tanto empresas privadas como públicas, se fora o caso. Xa vemos que todo ten solución con vontade política. Apelamos pois a esa vontade, a esa responsabilidade de todos vostedes para non volver a caer na situación que nos siga a ser desfavorable e apostamos pola xestión exclusiva, ou sexa, dende o concello, de todos aqueles servizos básicos como neste caso a xestión da auga e a recollida do lixo, en consecuencia o saneamento integral da nosa ría. Como cidadáns estaremos ó lado daqueles que dende o goberno municipal traballen con responsabilidade, transparencia e que teñan obxectivo prioritario intereses de Ferrol e da súa cidadanía. Moitas grazas.

SR. ALCALDE: Pois comezamos a orde do día ordinaria, como dixen ó inicio, co debate conxunto destes dous puntos.

SR. ANEIROS BARROS: Perdón.

SR. ALCALDE: Dígame, Sra. Aneiros.

SR. ANEIROS BARROS: Buenos días a todos. En primer lugar yo, la verdad, es que creo que deberíamos de hacer el debate por separado.

Creo que son cuestións que podemos debatir por puntos, tal y como viene en el orden del día.

SR. ALCALDE: Pero pregunteille xusto antes do Pleno e díxome..

SRA. ANEIROS BARROS: Pero é que como me pregunta xusto antes do Pleno, vostede mo di e eu lle estou dicindo o que estiven valorando. Se lle parece ben.

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA DEROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PUBLICADA NO BOP O 03/09/2014.- Examinada a proposta que eleva o Alcalde-Presidente, que textualmente di: "Por acordo plenario do día 18 de setembro do ano 2015, acordouse a suspensión da aplicación da ordenanza reguladora da taxa pola depuración de augas residuais, acordo adoptado a tenor do indicado en informe de 27 de agosto do ano 2015 polo enxeñeiro industrial de urbanismo, informe no cal -despois de realizada unha visita de inspección- no que se indica que as augas residuais salían da EDAR sin depurar.

Toda vez que a imposición e ordenación da taxa en cuestión ven determinada polas obrigas asumidas por esta Administración -y derivadas do convenio suscrito coa Administración autonómica- dita suspensión foi acompañada pola solicitude -da concellería competente- dirixida a obter diversos informes externos que clarificaran a situación tanto da prestación do servizo, como das propias instalacións entregadas a esta Administración con este fin.

Pola concellería de Servizos, remítese copia dos citados informes. Sen perxuízo de que os mesmos den lugar ás actuacións que correspondan para determinar a responsabilidade das deficiencias constatadas así como la entidade á que corresponde a cobertura económica dos gastos derivados da subsanación de ditas deficiencias, o certo é que as implicacións, en materia tributaria, son claras e inmediatas.

Os citados informes, evidencian que o servizo público de depuración de augas non se prestou nos términos esixidos pola normativa sectorial. Neste contexto, vaise articular un novo convenio que permita a entrada en funcionamento do conxunto de instalacións.

O traslado de dita situación ó ámbito tributario, ten que partir do propio concepto de taxa recollido no art. 2 da Lei 58/2003, Lei xeral tributaria. Ese precepto configura a taxa como un tributo suxeito a contraprestación por parte da Administración, neste caso a prestación do servizo de depuración. A isto hai que engadir a reserva de lei que a propia Lei xeral tributaria establece para a definición dos feitos impositivos (art. 8 da citada norma). En definitiva, non existindo prestación de servizo nos términos indicados pola lexislación sectorial, non resulta posible a esixencia de taxa vinculada a dita prestación.

Dende o punto de vista do procedemento, o RDL 2/2004, no seu artigo 17, establece as mesmas esixencias para a imposición e ordenación dun tributo que para a súa supresión, polo que será necesario unha aprobación plenaria inicial, con posterior exposición ó público durante 30 días e -de existir- resolución da alegación con aprobación definitiva e publicación dos acordos.

En virtude do sinalado, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro- Aprobar provisionalmente a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola depuración de augas residuais, publicada no BOP o día 3 de setembro de 2014, polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo.

Segundo- Abrir un prazo de exposición ao público de 30 días, nos termos legalmente establecidos."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de trece votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego, Ciudadanos e as sras. Fernández Lemos e Méndez Fonte, fronte a dez votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. ALCALDE: Bueno, pois ante o cambio de opinión da voceira do Partido Popular facemos o debate separado e empezamos polo primeiro punto, que é a aprobación provisional da derogación da ordenanza fiscal. Como se dixo na Comisión e como se vén falando ó longo de todo este ano, o informe proposta é ben claro. Hai indicios evidentes a través de sucesivos informes como APPLUS, PW Quads ou a propia Universidade da Coruña, onde se pon de manifesto que non se prestou o servizo tal e como se reflectiu no primeiro informe do funcionario público, o enxeñeiro municipal, nos termos esixidos pola normativa sectorial. E creo que isto é suficiente e determinante para derogar unha taxa que pretendía imputar, se se constata polas facturas presentadas pola parte privada da empresa ó concello, onde se pretenden imputar, como digo, a través desta taxa, non o servizo nin a prestación da depuración en si mesma, senón obras ou outros custos que nada teñen que ver coa depuración, que era o feito impoñible da mesma. Polo tanto, sen prexuízo, como se dixo tamén na Comisión de que se esixan contundentemente -espero para eso o apoio de toda a Corporación- ante a Administración correspondente as responsabilidades oportunas, que non sexa asumido con fondos municipais, custos que non deberan de ser asumidos, o que se propón a este Pleno é a aprobación provisional da derogación da ordenanza, que terá os seus trámites legais e que de aprobarse abrirá un prazo de exposición ó público de trinta días nos termos legalmente establecidos.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Buenos días a todos. En primer lugar y antes de iniciar cualquier tipo de valoración o posicionamiento sobre

la derogación y posterior aprobación de una tasa, desde Ciudadanos queremos dejar muy claro una serie de cuestiones, y es que no se dio el trato que se ha dado a los grupos políticos por parte de este gobierno en un tema tan importante como es el saneamiento. Ustedes tienen la mala costumbre de querer aprobar de manera urgente las cuestiones que afectan a esta ciudad y en este caso, que no ha sido tampoco el último ni será, imagino que existirán otros, vienen con un tema tan importante como es el saneamiento sin haber facilitado suficientemente la información necesaria a todos los grupos municipales.

Supongo, Sr. alcalde, que usted recordará que en una de las últimas juntas de portavoces que tuvimos, usted manifestó la necesidad de informar a todos los grupos en una Comisión extraordinaria en la que se nos iba a hablar, de manera, exclusivamente del saneamiento. Han pasado los días y ha olvidado su compromiso y hoy nos viene otra vez aquí, después de una Comisión extraordinaria e urgente, en un Pleno extraordinario y urgente, para que de forma urgente derogemos una tasa y aprobemos una nueva para cumplir en la fecha que usted mismo dio ante los medios y ante la ciudad para empezar el saneamiento, que es el 1 de abril. Esa urgencia viene porque usted se ha comprometido el 1 de abril a iniciar ese saneamiento, que por otra parte es importante, efectivamente. Son suyas siempre las prisas. Siempre la información mínima y la verdad es que parece que viven en un mundo virtual o en el mundo de Matrix, en el que la falta de mayoría absoluta pues no tiene ningún inconveniente y por tanto no da explicaciones. Y yo voy a explicarle que desde Ciudadanos no creemos que sea la forma seria de abordar las cuestiones, tanto que afectan a esta ciudad y además que conllevan una falta de planificación y una falta de poder tomar las decisiones de una manera con tranquilidad y con coherencia. No es la primera vez que hablo en un Pleno de su improvisación. Crean que siempre el apelar al sentido de la responsabilidad del resto de los grupos va a llegar y bueno, yo, en este caso, para que no se sorprendan, esta va a ser también la última vez. Yo es que lo que le voy a decir y a exigir muy claramente es mayor transparencia, más información, menos precipitación y si quieren a partir de ahora nuestro apoyo es que van a tener que dar explicaciones.

Y dicho eso y aunque Ciudadanos considera que, efectivamente, la aprobación de esta tasa y la derogación de la anterior tiene que ser un debate conjunto, porque sino puede llevar a situaciones y conclusiones absurdas, lo que vamos a decir es que como venimos diciendo desde el año 2015, en septiembre, cuando apoyamos ya esa suspensión y también en abril de 2016 y hace poco en la última moción presentada por el Bloque Nacionalista Galego en relación a este tema. Este tema es muy importante para la ciudad de Ferrol y para los ferrolanos. Suspendimos en su día, como digo, en el Pleno de 25 de septiembre de 2015, la tasa, por considerar y teniendo en cuenta el informe del ingeniero municipal de 27 de agosto en donde dejaba claro que el Edar no depuraba y que no se había producido, por tanto, la puesta a punto del servicio de la planta. Ante esa situación, efectivamente, y estando la tasa vinculada necesariamente a la

prestación de un servicio que no se estaba realizando a los ciudadanos, era lógico y coherente además que se suspendiera.

Los informes subsiguientes, como usted ha manifestado, tanto de la Universidad de La Coruña como de empresas privadas, han supuesto y las auditorías a corroborar, que el bajo caudal que de entrada no era un factor delimitante ni limitativo para el correcto funcionamiento del sistema de depuración. Y, por otro lado, que había una serie de deficiencias bastante grandes y de daños constructivos en la Edar, que había que impermeabilizar, restaurar y arreglar. Reparadas estas deficiencias y a punto de estar entregados los colectores, efectivamente ha llegado el momento de avanzar y dar los pasos necesarios para reactivar el saneamiento en esta ciudad, que lleva ya un atraso considerable por muchos factores que han intervenido hasta la fecha. Así que creemos, efectivamente, que la derogación de la tasa anterior, para poder aprobar la siguiente, que después debatiremos, se hace necesario. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde, bo día a todos e a todas. Hoxe vostedes, señores e señoras do goberno, o que pretenden é substituír a hipoteca que nos impuxo o Partido Popular no seu anterior mandato. Hoxe pretenden facer o mesmo que fixo o Partido Popular no seu momento, pero pretenden facelo á súa maneira. Hoxe pretenden derogar a taxa do Partido Popular para impoñer a súa cos mesmos criterios de beneficio para as empresas privadas, incluído o beneficio industrial, por moito que vostede o negue, entregando a xestión da infraestrutura a Emafesa e a Acuaes, cobrándonos por traballos que non deberíamos asumir, con custes desorbitados de electricidade, sen control ningún sobre eses importes, trasladando o custe das obras ós orzamentos municipais.

Dicía vostede, no anterior pase do Partido Popular, se imputaban obras no custe desa taxa. Vostedes collen e os trasladan ós orzamentos municipais. Como se así non nos vamos a enterar de nada e nolos temos que pagar os veciños e veciñas desta cidade. Ademais disto, a falta de información, a carencia de documentación e a fiscalización do control dos custes, de requisitos necesarios para tomar todas estas decisións, sen asinar os convenios, sen as encomendas de xestión asinadas nin aprobadas para xestionar as infraestructuras é absolutamente irresponsable. Pero eu non vou recorrer a estes argumentos, non vou insistir nos erros procedimentais que xa comentou a anterior intervinte para impoñer a súa taxa, como fixo o Partido Popular. Déixolles estes argumentos ó Partido Popular e ó Partido Socialista, que centrarán a súa crítica na falta de seriedade e na carencia de rigor, porque realmente no fondo e no fundamental están de acordo con vostedes. Pretenden que o problema sexa un problema de nefasta xestión administrativa e así dar a impresión de que manteñen posicións políticas opostas, cando realmente comparten o mesmo obxectivo político. Cobrarlle ós veciños e veciñas desta cidade por un servizo cuns custes desmesurados, pola construción dunha obra de responsabilidade estatal e declarada de interese xeral desde 1997, por un sistema de depuración precario, sen cuestionar a responsabilidade do resto de Administracións que permitiron este despropósito privatizando a xestión dun dos principais servizos que ten que prestar esta cidade a través dunha

transnacional e procurar que todo isto pareza normal e que aquí non pasa nada.

E, como digo, como sei que todo isto están vostedes de acordo, déixolles eses argumentos baseados no desastre procedimental do que hoxe pretenden facer aquí o Partido Popular e o Partido Socialista e centrareime en todo o que implica o que hoxe pretenden facer aquí e como o pretenden facer.

Vostedes discutan se hai que debatilo nun só punto ou en dous puntos, ou se a votación é conxunta ou non é conxunta. Porque realmente o que hoxe pretenden facer aquí é cargarlle cunha pedra máis a mochila dos veciños e veciñas desta cidade, que tanto lles pesa e que lla levan enchendo durante décadas. Persoas como vostedes e sempre en nome do ben común e de que as decisións non poden agardar máis.

Centrareime nos argumentos políticos que poñen en evidencia que o seu labor e seu traballo está moi lonxe das súas palabras, porque realmente non é que non poidan facer máis, realmente é que non queren facer máis. Porque, que fixeron vostedes desde que chegaron ó goberno desta cidade respecto desta cuestión? O primeiro que fixeron foi aceptar unha estación depuradora defectuosa e pretender que os veciños e veciñas deste concello asuman os custes da súa reparación. Afirmaron vostedes que a estación depuradora non funcionaba por deficiencias na infraestrutura, que era preciso desenvolver obras de reparación, pero non lle devolveron a infraestrutura a Augas de Galicia, propietario desa infraestrutura. O lóxico sería pensar que cando vostedes detectaron que nesta cidade contaban cunha infraestrutura defectuosa, que non podía prestar o servizo para o que estaba pensada, vostedes decidirían devolverlla ó seu propietario lexítimo, é dicir, a Xunta de Galiza para que, en todo caso, acometese as obras de reparación necesarias. Eso sería o lóxico se o seu interese fora de velar polos intereses dos veciños e veciñas desta cidade. Se eu merco un coche que non anda, o primeiro que fago é devolverllo ó concesionario. Pero vostedes non.

En todos estes meses, nin o PSOE, nin o vostedes de Ferrol en Común se lles pasou pola cabeza romper a encomenda de xestión que este concello asinara con Augas de Galicia para facerse cargo da depuradora. E tampouco se lles pasou pola cabeza romper o protocolo de xestión polo que lle entregaban o funcionamento desa infraestrutura a Emafesa, a pesar de ter cobrado por un servizo que non se prestou, tal e como vostedes denunciaban ate agora. O lóxico tería sido devolverlle a infraestrutura a Augas de Galicia e, en todo caso, que nolas devolvese en condicións de poder entrar en funcionamento. Pero non só iso, chega xuño de 2016, a encomenda de xestión da estación depuradora remata e non a prorrogan nin a anulan, deixando ós veciños e veciñas desta cidade nunha absoluta indefensión, sen reclamarlle ós responsables da desfeita e responsabilizándoos dos seus desperfectos e obrigándolles a asumir os custes da reparación pola súa absoluta deixación.

Por que non lle devolveron a estación depuradora a Augas de Galicia? Eso é un misterio inescrutable.

Por que non racharon o acordo con Emafesa? É outro misterio que non sei se saberemos nunca cales son eses motivos. Porque ademais se

Emafesa non cumpriu os acordos e cobrou por servizos que non prestou, seguimos sen comprendelo. Como non comprendemos o feito de que non lle devolveron esa infraestrutura a Augas de Galicia. Por que non denunciaron a Augas de Galiza por entregar a Edar nun estado que impedía o seu funcionamento, ou a Emafesa por cobrar unha taxa por un servizo que non prestou. Emafesa non tivo ningún problema por denunciar ó concello por suspender a taxa. A resposta témola hoxe a este misterio. Non queren que nada mude, que todo siga igual. Pretenden que nos fagamos cargo dunha infraestrutura, mediante un acordo con Augas de Galicia, que descoñecemos e pretenden entregar a xestión desa infraestrutura a Emafesa, do mesmo modo que pretendía facer o Partido Popular. E obviamente non teñen ningunha intención de reclamar a Emafesa a devolución dos recibos cobrados en 2014, que superaban os 800.000 euros. E da mesma maneira que o custe da infraestrutura o quitan da taxa e o inclúen nos orzamentos municipais e así seguramente pensan que enganan a alguén, pretenden que volvamos a pagar esa taxa ou incluíla nos orzamentos municipais deste ano de 2017, pero non pretenden reclamarllos a quen o cobrou sen prestar o servizo.

En segundo lugar, o que pretenden é privatizar a xestión da infraestrutura a través da súa xestión mediante trasnacionais. Entregan a xestión e o mantemento doutra parte das infraestructuras, dos interceptores xerais, a unha empresa privada a través de Acuaes. Non lles pareceu suficiente abuse que Acuaes leve máis dun ano de retraso na execución das obras de saneamento. Non lle parece suficiente que pasemos de pagar o 10% das obras a pagar o 25. Non lles parece suficiente que nos impoñan un modelo de saneamento insostible económico e medioambientalmente, baseado nunha rede unitaria, mesturando augas pluviais e fecais cunhas infraestructuras coma os tanques de tormentas, que non valen para case nada e que ademais van seguir producindo verquidos na ría. Non lles parece suficiente que Acuaes, que non pon un só euro na construción da infraestrutura, teña a maioría na Comisión de seguimento do convenio, onde adoptaron vostedes todas estas decisións. Non lles parece suficiente e deciden entregar a súa xestión, posta en funcionamento e mantemento desa infraestrutura a Acuaes. Unha decisión moi acertada. E decídeno facer, ademais, en xaneiro 2016, xunto ó Partido Socialista. Daquela seguían gobernando vostedes co Partido Socialista, o que demostra que de improvisación nada, que todos aqueles discursos que facían de buscar unha alternativa para a xestión da infraestrutura eran discursos baleiros, cun tufo a electoralismo, que chama a atención pero na liña de querer devolver a Tragsa, a través dos orzamentos municipais ou pagar as obras a través da vía orzamentaria, como pretenden facelo.

E deciden, ademais, facelo nunha reunión desa Comisión de seguimento, en segredo, sen que ninguén saiba canto nos van cobrar e por que. Nesa Comisión na que como se pensasen que vostedes forman parte do clube de Bidelberg ferrolano, teñen dereito a decidir o futuro dos ferroláns de maneira unilateral. Decidiron incluso saltándose as cláusulas dese mesmo convenio, do convenio asinado con Acuaes, donde se recolle o dereito á información e á exposición pública de todos os acordos que se tomen. Pasou un ano, desde que

vostedes tomaron esta decisión nesa Comisión e empezamos a enterarnos agora dos acordos que vostedes tomaron en xaneiro de 2016. O acordo é moi simple. Entregarlle a xestión dos interceptores a unha trasnacional. Para que se van vostedes a romper a cabeza pensando en modelos alternativos de xestión pública. En xaneiro de hai un ano, no canto de prever que como este concello iba a xestionar esa infraestrutura facéndose cargo dun dos principais servicios que ten esta cidade, como é o saneamento, iniciando o proceso de xestión directa do ciclo da auga, decidiron entregarllo a unha empresa privada. E cales son as consecuencias disto. Pois a primeira é moi simple, por moito que o negue nas súas intervencións públicas, pagaremos o 6% do beneficio industrial na taxa que pretenden impoñer hoxe aquí por prestar ese servizo e así está recollido nos pregos de licitación que desenvolveu Acuaes para a contratación deses traballos. Porque é outro dos aspectos chamativos. Nós entregamos a xestión da infraestrutura a Acuaes, porque supostamente non temos medios para desenvolver eses traballos. Pero é que Acuaes tampouco os ten e saca eses traballos a concurso. Sinceramente, non creo que sexa moi lícito actuar desta maneira. A Lei de procedemento administrativo e réxime xurídico das Administracións Públicas deixa claro que se a realización das tarefas encomendadas vai recaer sobre persoas suxeitas ó dereito privado, non poderá usarse o mecanismo da encomenda. Pero é que a xunta consultiva de contratación administrativa, no ano 2009, emitiu un informe cuestionando que se poidan facer encomendas de xestión a entes que non dispoñen dos medios materiais e técnicos para desenvolver os traballos encomendados. Pero nada, non pasa nada. Nós lle entregamos a Acuaes a xestión da infraestrutura, porque non somos capaces de facelo e non importa que Acuaes faga un proceso para contratar a unha empresa privada, porque tampouco ten os medios. Cal é a razón pola cal fai Acuaes de intermediario. Saberano vostedes e vostedes saberán os motivos polos que toman estas decisións. Decisións coma o feito de que imos pagar por un servizo que non se presta. Da mesma maneira que fixo o Partido Popular. Da mesma maneira. Vaille cobrar a taxa a persoas que non están conectadas á rede de saneamento. O que non sei se vai empregar o mesmo argumento que empregaba o Partido Popular no seu momento. "Por solidariedade" dicía o Sr. Rey Varela daquela. Ou dicía o Sr. Langtry que da depuración das augas nos beneficiamos todos e por iso temos que pagalo todos.

Comenteille unha vez, ó principio deste mandato, que era mellor que borrara os vídeos da súa campaña electoral. Porque por aquela época vostede, Sr. Suárez, afirmaba que o recibo que estaba a impoñer o Partido Popular, o recibo que está chegando ás casas dos veciños e veciñas desta cidade é unha verdadeira estafa. Está chegando a 30.000 fogares, dos que só 10.000 están conectados á rede de saneamento. Estas son palabras literais súas e agora vostedes vanlles cobrar incluso ós veciños e veciñas que verten á conca do río Sardiña, a Mandiá, á bocana da ría e ás concas atlánticas, á Cabana, a San Felipe, a Doniños, a Esmelle, á Graña, a San Xurxo, cando non é que non teñan saneamento, é que non teñen nin proxecto de obras para o seu saneamento. Non introduce nin unha soa excepcionalidade nesta

ordenanza para aquelas zonas da cidade que non teñen saneamento. Un absoluto despropósito.

Dirán ademais que a taxa é obrigatoria. O mesmo que dicía o Partido Popular. Que noutros concellos tamén a pagan, que hai que poñer unha taxa, que é obrigatoria, que a Directiva europea da auga obriga a impoñer unha taxa polo saneamento. Pero esa directiva e os decretos da Xunta de Galiza tamén obrigan ó tratamento das augas e a que non se produzan verquidos de augas contaminantes sen tratar. E eso non lles importa, nin lles importou o máis mínimo e afecta a unha infraestrutura que os mesmos responsables da súa execución admiten que vai producir verquidos directos na ría.

Tamén é obrigatoria dispoñer dun sistema de saneamento con rede separativa, e asumen que se convirta a rede separativa en unitaria. Tamén está prohibido o verquido de augas brancas á rede de saneamento e dálles igual que a canalización do río do Tronco desemboque nun tanque de tormentas. Para isto non recurren ó argumento do Partido Popular de que é obrigatoria impoñer esta taxa. E impoñennos unha taxa cuns custes desorbitados e un cálculo inxustificado e despropósito. Dispóñennos unha taxa cuns custes eléctricos desorbitados, cuns custes de electricidade que sufren variacións do 36% en función de quen os calcule. Medio millón de euros de diferenza se os calcula Augas de Galicia, nese informe que nos entregou en xuño de 2016 ou se os calcula Emafesa. E Emafesa tamén depende se os calcula no ano 2014 ou se os calcula no ano 2016. A realidade é que é imposible de xustificar esas diferenzas. Eses informes, con diferenzas entre eles de medio millón de euros, están a valorar a prestación do mesmo servizo. E a calquera, con sentido común, se lle pasaría pola cabeza preguntar como pode haber esas diferenzas e cuestionaría a validez destes documentos, pero vostedes non. Asumen o que lles di Emafesa, que curiosamente é o custe máis elevado de todos. Cóbrannos ademais polos traballos de posta en funcionamento da infraestrutura e isto non é o mantemento por prestar un servizo, nin é o servizo que debería incluír esa taxa. É como se cando fóramos nós a mercar calquera obxecto, como se fóramos a mercar un teléfono, nos cobrasen por asegurarnos que funciona. E a vostedes isto tamén lles parece normal. Cóbrannos polos custes de mantemento dunha infraestrutura dos colectores e dos tanques porque as obras levan un ano de atraso e hai que facer traballos de mantemento. É dicir, nos cobran os traballos que hai que facer porque eles non cumpriron os prazos de rematar as obras en decembro de 2015 e a vostedes isto tamén lles parece normal. Cóbrannos o beneficio industrial, incluído no prego de licitación da empresa Acuaes. Pero dálles igual. Asumen o que lles di Emafesa, por unha parte, e asumen o que lles di Acuaes por outra, sen fiscalización de ningún tipo, sen control sobre os importes, con custes eléctricos diferentes se Emafesa os calcula en 2014, se os calcula en 2017, se os fai Augas de Galicia o se os fai Acuaes. E todo isto, a pesar de que vostede afirmou en 2015, -xa lle dixen que borrarase eses vídeos- que Emafesa -dicía vostede en maio de 2015-, que Emafesa foi a que fixou os custes para calcular a taxa que se vai cobrar ós veciños e veciñas e a que vai levar o mantemento do servizo e á súa vez vai a subcontratar ás empresas. Polo tanto, é todo un entramado favorecido polo silencio e

pola ausencia de voces discordantes dentro do goberno municipal do Partido Popular, que repercute nun incremento do custe do recibo. Dicia vostede esto en maio de 2015. E hoxe nos trae aquí un informe de Emafesa para fixar os custes para calcular a taxa que no seu preámbulo afirma que se basea no que nos trouxo o Partido Popular en 2014. De que estamos a falar? Quen é o que está a favorecer ese entramado que vostede falaba en 2015? O silencio dese goberno municipal do Partido Popular estano a reproducir hoxe vostedes aquí? Dálles igual que no informe de Emafesa apareza un prezo de 105 euros para a contratación do termo de potencia, que é moi superior ás tarifas de electricidade vixentes para ese servizo e que ademais sexa homoxéneo ó longo de todo o ano e de todo o día. Dálles igual que Acuaes facture unha partida alzada de mantemento dos colectores por 300.000 euros e outra por 34.000 euros para limpeza e os custes eléctricos sen maior descrición nin desglose, a pesar de que por responsabilidade exclusiva de Acuaes e coa súa complicidade imos a pagar o 25% das obras que non deberíamos asumir, polas cales non deberíamos asumir nin un só euro para a construción deses interceptores? Dálles igual que o prezo da electricidade sexa diferente para xestionar a estación depuradora, a estación de bombeo que para xestionar os interceptores e os tanques de tormentas? E isto non importaría se o custe da electricidade fora residual no cálculo desta taxa, pero o feito é que o custe da electricidade supón máis do 50% dos custes que inclúe esta taxa de saneamento, 1,3 millóns de euros ó ano. E despois nos dirán que van a revisar a taxa dentro dun ano. O mesmo que dicía o Partido Popular.

Dicia o Sr. Rey Varela naquel momento: "Hemos puesto la menor taxa posible y creemos que la podemos revisar a la baja".

Penso que o Sr. Rey Varela podería asesoralos cando lles pregunten por este tema, porque xa ten a experiencia suficiente e os argumentos que teñen son os mesmos. Unha revisión da taxa que xa teñen anunciado, pero que o máis probable é que a fagan para subila. Porque é tal o despropósito do cálculo desta taxa que o contrato que licitou Acuaes, por 514.000 euros, sen IVA, e que vostedes incorporaron como importe na taxa que hoxe traen a debate, por un importe de 593.000 euros para cubrir estes traballos máis o custe da electricidade non encaixa de ningunha maneira. A electricidade polos traballos que vai desenvolver Acuaes cústalle ó Concello de Ferrol 260.000 euros, co que nos quedan 327.000 euros para pagar os traballos que desenvolverá Viacua ou Geseco ou Acualia, que son as empresas que participaron do proceso que iniciou Acuaes. Geseco, que foi a adxudicataria, xa está descartada pola baixa temeraria coa que se presentou e o prezo das adxudicacións restantes, a de Viacua ou a de Acualia, superan o prezo que vostedes consignaron como valor dos traballos nesta taxa. É dicir, as previsións de gasto que teñen non cubren os custes dos traballos. E, por tanto, a revisión que pretenden facer o único que vai pretender é incrementar o prezo desta taxa. Ademais a adxudicataria ten un prazo dun mes desde a adxudicación para iniciar os traballos, co que a infraestrutura, que está sen recepcionar e sumado ó feito de que a empresa todavía non está adxudicada, o seu anuncio de que o saneamento e a depuradora iba entrar en funcionamento o día 1 de abril, tampouco se vai a cumprir.

E o que é absolutamente incomprendible é que vostedes asuman todo isto con total tranquilidade e que hoxe nos traen a debate esta proposta, nun Pleno extraordinario e ás nove e media da mañá. A pesar de que esteamos a falar de millóns de euros, produto dun deseño e infraestrutura que non cuestionan e na que temos que bombear máis de 45 metros de altura por ubicar a depuradora en Cabo Prioriño, de cuxa decisión tampouco se lles ocorre pedir responsabilidades a ninguén. Pero, como digo, a vostedes dálles igual, no canto de velar polos intereses dos veciños e veciñas desta cidade, o único que lles preocupa é impoñer a taxa. No canto de fiscalizar eses custes, asúmenos da mesma maneira en que o fixo o Partido Popular.

E fan todo isto a través dunha xestión e un procedemento desastroso e prepotente. Pretenden cobrarnos por un servizo sen ter a infraestrutura para poder prestalo. Lle entregan a Emafesa a xestión da depuradora e da estación de bombeo sen que Ferrol teña a encomenda de xestión desa infraestrutura. Porque esta é unha decisión que vostedes toman de maneira totalmente unilateral cando non teñen a potestade para poder facelo. Porque a infraestrutura tamén a podería xestionar Augas de Galicia. Que é quen a debería reparar. E que asumise, por tanto, os custes da súa reparación e que a xestionase. Se o obxectivo non é iniciar o proceso de xestión pública e directa do ciclo da auga, comezando polo saneamento, pero non, vostedes xa decidiron entregarlo a Emafesa cando esa decisión non depende de vostedes unicamente, ten que ser o Pleno municipal quen a adopte. Da mesma maneira que deciden entregarlle a xestión dos interceptores a Acuaes sen os informes necesarios. A adenda ó convenio de 2015, ó convenio de Acuaes, está sen fiscalizar. Non hai informe da Intervención municipal ó respecto. E vostedes modifican o convenio e xa non é que non haxa o informe é que non o traen nin ó Pleno. O informe da Intervención municipal, relativo á aprobación do convenio no ano 2012 deixa claro que se debe aprobar o proxecto taxativo plurianual, coas anualidades e os importes que se determinen e xustificando a excepcionalidade polo feito de que os gastos de carácter plurianual están limitados a catro anos, cando consisten en transferencias de capital ou cando pretenden cubrir os gastos derivados da prestación de servizo, como se recolle na lexislación de facendas locais.

Onde está ese proxecto taxativo de gasto plurianual e a certificación da excepcionalidade? Onde están os convenios, as encomendas, os informes? Onde está toda esa documentación? Por que lle entregan a Emafesa a xestión dunha depuradora e do funcionamento dunha infraestrutura cando non teñen a capacidade para tomar vostedes esa decisión? Por que permiten que Acuaes xestione de maneira privada os interceptores xerais cando se supón unha modificación dun convenio e eso non trae nin o mínimo debate neste Pleno.

Dixo vostede, Sr. Suárez, nalgún momento, que o sistema de saneamento nesta cidade é intensivo, de alto consumo enerxético e sen separación de augas pluviais nin residuais. E nós o que nos preguntamos que fixo vostede despois de case dous anos para contrarrestar esta situación. Decía vostede, ademais, que o sistema que se implantou é obsoleto. Unha curiosa palabra. Decía que o

saneamento da ría non vai ser integral e tiña razón. Pero vostede hoxe está asumindo o mesmo sistema, o mesmo modelo e ademais non se ruboriza o máis mínimo, non se poñen nin colorados. O seu único argumento vai ser que é preciso poñer a infraestrutura a funcionar. O mesmo argumento que esgrimía o Partido Popular cando impuxo a súa taxa. O mesmo argumento que expoñía Rey Varela para asinar un convenio con Acuaes absolutamente perxudicial para os veciños e veciñas desta cidade e que vostedes ratifican. E estamos de acordo que se poña a infraestrutura a funcionar, que a poñan os responsables desta desfeita, que o Ministerio de Fomento, despois de 30 anos prometendo o saneamento da ría, cos interceptores case rematados, decida que non os pon a funcionar, que a Xunta de Galicia, despois de entregarnos unha depuradora que non funciona decida que a vai seguir tendo paralizada, que se atrevan a facelo e que llo expliquen ós veciños e veciñas desta cidade, pero non lles vai facer falta. Xa os teñen a vostedes para cubrirlle as costas, para evitar que se cuestione publicamente o desastre que foi a execución desta infraestrutura. Xa os teñen a vostedes para facer política en función dos seus intereses e das empresas e non dos veciños e veciñas desta cidade. Xa os teñen a vostedes para ocultar que o sistema de saneamento vai seguir producindo verquidos nas rías, que con este modelo de infraestrutura o saneamento nunca será integral e xa os teñen a vostedes para facer que os veciños e veciñas desta cidade paguemos por obras de interese xeral que non deberíamos asumir. Xa os teñen para que todo permaneza igual. E a vostedes todo isto dálles igual con tal de non enfrontarse ós responsables, se lles deixan cortar a cinta. É dicir, que a depuradora funciona a pesar de que o seu funcionamento deixa bastante que desexar. Todo un despropósito e un cúmulo de decisións absolutamente incomprensibles. Moitas grazas.

SRA. SESTAYO DOCE: Bo día a todas e todos e antes de nada desculpar, como voceira, a ausencia forzosa do concelleiro Bruno Díaz por causas sobrevidas, porque lle gustaría, sen ningunha dúbida, estar nun Pleno cun tema no que tanto ten traballado para a derogación da taxa.

Unha vez dito isto, entendo que o debate, Sr. alcalde, se non me corrixe, era por separado. Para cinguirme entón ós puntos da orde do día tal e como está aprobado.

Efectivamente, no primeiro punto se trae a derogación da taxa, aprobada no seu día polo Partido Popular. Cabe adiantar obviamente o sentido do voto do Partido Socialista, do grupo municipal Socialista, a favor, toda vez que foi un compromiso adquirido non só en campaña electoral, senón como membros do goberno e no que o Partido Socialista deixou moito esforzo para a derogación dunha taxa inxusta, ligada á encomenda da xestión da Edar por Augas de Galicia e o protocolo de execución concertada con Emafesa. Unha taxa que se aprobaba cando a maior parte da cidade non estaba conectada e a conectada ademais tampouco depuraba. Todos e todas lembramos aquela escena da depuradora que non depuraba e a taxa ilegal.

Dito isto, tamén queremos lembrar que o 14 de setembro do 2015 se aprobaba en Comisión o inicio do expediente da derogación da taxa. Un acordo que figuraba dentro dos acordos do goberno entre Ferrol en Común e o Partido Socialista e que o 18 de setembro de 2015

se levaba ó Pleno, no punto da orde do día -se pode ver na orde do día- o inicio do expediente de derogación desta taxa e que por unha emenda in vocce de Ferrol en Común, que coñecía o seu socio de goberno, o Partido Socialista, nese mesmo Pleno, a derogación se cambiaba por suspensión. Que daquela non falamos por unha lealdade extrema da que hoxe cecais nos arrepentimos. En todo caso, están as actas para consultalo.

Polo tanto, non entendemos tampouco tanto tempo para pasar á derogación. Tamén queremos facer constar que desde ese día o Partido Socialista foi activo e proactivo en esixir investigacións e accións legais e xudiciais, algo que fixemos constar en numerosas xuntanzas privadas do goberno e que cando xa non nos quedou máis remedio fixemos constar na acta da Xunta de Goberno de 22 de febreiro de 2016, acta da Xunta de Goberno na que o Partido Socialista, a través do concelleiro, daquela Concelleiro de Servizos, Bruno Díaz, se solicitaban accións de investigación pola depuradora que non funcionaba. Consta tamén na acta da Xunta de Goberno Local, sen dúbida a proactividade do Partido Socialista nesta cuestión, así como no contrato eléctrico, que tanto se criticou por parte de Ferrol en Común, ó Partido Socialista pola paralización do contrato eléctrico, sen dúbida se ve quen tiña máis interese en proceder ó debido control da xestión dos servizos públicos. En todo caso, hoxe se produce no primeiro punto a derogación dunha taxa e, por suposto, unha vez que esa formaba parte do noso acordo, ademais dunha redacción incluso na que contribuímos como partido ós centenares de escritos que se presentaban no seu día contra a taxa do Partido Popular, sen dúbida o Partido Socialista é coherente, cre que chega tarde, pero é benvida esta cuestión, este punto da orde do día e, polo tanto, neste primeiro punto o Partido Socialistas vai votar a favor, porque era unha taxa inxusta, era unha taxa que se aprobaba por un servizo que non se prestaba, era unha taxa que merecería ser xa derogada fai xa moito tempo, do mesmo xeito que fai xa moito tempo que debería estar investigándose algunha acción legal por unhas cuestións que nunca se deberon de producir e que un goberno de esquerdas, que prometeu a súa investigación, debera de cumprir.

Toda vez que aquí remata o primeiro punto da orde do día e que non se teñen acumulado os debates, deixamos a argumentación sobre a aprobación e o noso posicionamento sobre a aprobación da taxa para o segundo debate.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias, Sr. alcalde, yo, también me gustaría, ya que pedimos el debate individual de los dos puntos, me gustaría centrarme única y exclusivamente en el primero de ellos, no sin antes empezar reprochándole nuevamente, Sr. alcalde, las formas que viene utilizando, y creo que no somos los únicos, y que desde luego creo que no son las más oportunas. Nos parece que está actuando con una total nocturnidad y alevosía en este asunto. Eso para empezar, en un tema, por cierto, de una gran repercusión, de una gran importancia y transcendencia para nuestra ciudad. Y le reprochamos que hubiera llevado precisamente un tema como éste, o estos dos puntos, a una Comisión de Hacienda convocada con carácter extraordinario y especialmente urgente, para posteriormente traerla a un Pleno extraordinario. Para debatir un asunto que desde luego creo

que no tiene ningún tipo de justificación que una tasa o que la derogación de una tasa venga a un Pleno con carácter extraordinario. Y le digo, Sr. alcalde, que no son las formas. No se puede debatir con carácter urgente, a prisas y corriendo temas como estos, con lo cual, insisto, no hay justificación ni razón alguna. Llevan perdiendo mucho tiempo como para que aún encima los grupos municipales de la oposición tengamos que ver que después de perder todo ese tiempo ahora vengan exigiendo prisas, no vaya a ser que así, a lo mejor con tanta prisa, no se enteren de lo que traemos aquí. No sé si es esa la intención, pero desde luego, insisto, una tasa no se puede plantear con carácter extraordinario.

Y quiero recordar, como también lo hacía la portavoz del grupo de Ciudadanos, que efectivamente usted tenía ese compromiso, el compromiso asumido en una junta de portavoces, con todos los grupos allí representados, de que iba a celebrar una Comisión monográfica. Una Comisión en la que nos daría cuenta y nos explicaría todo lo relativo al saneamiento en esta ciudad. Esa Comisión nunca se llevó a celebrar. Por que tenemos que pensar que no se llegó a celebrar esa Comisión, pues evidentemente las razones no nos gustan nada. No nos gustan porque si no la celebró es porque prefiere no dar explicaciones. Y eso cuando menos nos preocupa demasiado. Insisto, las urgencias y las convocatorias extraordinarias son para otros asuntos, no para estos, Sr. alcalde. Es un desprecio absoluto al trabajo de la oposición.

En cuanto al contenido del primero de los puntos del orden del día, el relativo a esa derogación, evidentemente nosotros no podemos compartir la visión que ustedes manifiestan. No la compartimos porque consideramos claramente que la tasa aprobada en el año 14 era la tasa que correspondía, era la tasa que se tenía que poner en marcha, que se tenía que aprobar para el inicio del saneamiento en nuestra ría. Una tasa acompañada de todos los informes jurídicos, de todos los informes técnicos acreditativos de que esa era la tasa que había que aprobar. Una tasa que se basaba en un documento, ese famoso PEC, el Protocolo de ejecución Concertada. Curiosamente el mismo PEC, el mismo documento que es la base de la tasa que ustedes traen hoy aquí. Ese PEC que fue tan criticado, pero que ustedes ahora utilizan. Y quiero recordar que en ese PEC, en ese documento, se establecían claramente una serie de cuestiones. Se establecía que la puesta en marcha de la depuración tenía un carácter secuencial, como en la mayoría de las depuradoras se da esa situación. Que además de ser un proceso secuencial, era un proceso expresamente definido en ese PEC, como un proceso por fases, por etapas, que concretamente eran cinco las fases de puesta en marcha de la depuradora y que ese arranque, esa puesta en marcha se produciría concretamente en un período de casi dos años. Eso todo lo dice el PEC. Proceso secuencial, puesta en marcha de la depuradora, dos años para poder alcanzar el 100%, para poder completar, por tanto, la depuración. Y todo eso lo ponía en ese documento que vino a Pleno y que fue aprobado en este Pleno. Evidentemente sin ningún tipo de ocultación. Evidentemente con conocimiento de todos los grupos municipales y, evidentemente, en un proceso como ocurre en todas las depuradoras. Todas y cada una de esas fases de puesta en marcha de la depuradora están perfectamente

desarrolladas y descritas en ese documento. Tanto desde el punto de vista de su contenido, de los procesos concretos que se irían poniendo en marcha como desde el punto de vista del tiempo. Y decir también que esas cinco fases progresivas tenían una valoración de 2 millones de euros. Eso es lo que costaba y es lo que cuesta poner en marcha la depuradora. Y a todo esto tenemos que sumarle la normativa europea. La directiva del agua, que establece que, evidentemente, en estos asuntos es necesario repercutir estos gastos a los usuarios. Y teniendo todo esto en cuenta se elaboró esa tasa. Y se elaboró, por cierto, con una auditoría externa, con una auditoría independiente. No firmada por Emafesa, sino por un auditor independiente. Una tasa que, vuelvo a decir, tiene como punto de partida el mismo documento que ustedes utilizan para traer la de hoy aquí y, por tanto, una tasa que permitiría el comienzo del saneamiento en nuestra ría. Porque, evidentemente, para que haya saneamiento, primero, hay que ponerlo en marcha. Y esto es así y era así y aquí no hay ni ha habido ningún engaño y ninguna estafa, como quisieron vender algunos, con la imposición de esa tasa. Son acuerdos plenarios que todos conocíamos y era una tasa calculada, acreditada con informes y ajustada a aquella realidad. La que se vivió en el 14. Una tasa que iba con esos estudios de costes, que además aconsejaban que debería ser objeto de actualización -la tasa, del 14-, que debería actualizarse todos los años para adaptarla a la situación de cada momento y también para adaptarla a la futura incorporación de caudales, porque, como todos sabemos, cuando se aprobó en el 14 todavía estaban en obras los interceptores, que hoy están finalizados. Y eso era lo que tenía que haber hecho, Sr. alcalde. Actualizar la tasa del 14. Y eso suponía que a finales del 2015 usted tenía que haber cogido esa tasa y haberla actualizado. Igualmente tenía que haberlo hecho a finales del 16, para actualizarla para el ejercicio 17. Pero es que no se ha molestado ni en eso. Por molestarse, le quiero recordar, que ni se molestó en aprobar las ordenanzas fiscales del 2017. Porque aquí la política fiscal le importan bien poco. Después, sí, vienen los presupuestos y lo que vemos son las subidas del IBI y demás. Pero realmente ordenanzas fiscales, eso no le preocupa. No le preocupa para nada lo que paguen de impuestos nuestros vecinos. Por eso ya no se molesta ni siquiera en aprobar esas ordenanzas. Y en vez de hacer eso, modificar año a año esa tasa del 14, usted lo que hizo en el 15 fue suspenderla. Y la suspendió porque lo que quería era dar la imagen de que iba a cumplir con su promesa electoral o más bien que iba a cumplir con aquel famoso engaño a la ciudadanía, que pasaba por su promesa de un saneamiento sin tasa. Esa es la expectativa que usted generó entre los vecinos, Sr. alcalde. Era posible un saneamiento sin tasa y eso es mentir y eso es engañar, Sr. alcalde. Usted sabía y sabe que eso no era posible y aún así lo prometió y ahora pues pasa lo que pasa. Ahora lo que hace es acudir a un proceso de derogación de la tasa del 14, con unos objetivos exclusivamente políticos. Y eso es lo que tiene que reconocer, tal y como lo reconoció el otro día en la Comisión de Hacienda, que no le costó trabajo alguno decir que era derogación y no modificación de la tasa del 14 por cuestiones políticas. En la Comisión no tuvo problema al reconocerlo. Espero que tampoco lo tenga por reconocerlo en este

salón de Plenos. Por tanto, la derogación es única y exclusivamente por cuestiones políticas. Y debería decir que además, en vez de modificar la tasa, lo que hace es derogarla para intentar demostrar que usted cumple con su palabra. Pero le pido, Sr. alcalde, que deje de engañar. Esta derogación no es más que un paripé, como otros muchos. Dígales a los ciudadanos la verdad. Y la verdad es que no hace falta derogar la tasa del 14. Así lo reconoció el propio Interventor en la Comisión de Hacienda del otro día. No es necesario derogar la tasa, es suficiente con modificarla. Suficiente. Que es lo que tendría que haber hecho. Por cierto, ya dos veces desde que usted está gobernando. Pero usted no. Prefiere priorizar sus intereses políticos y lo que prefiere es priorizarlos sobre esos intereses generales y ante todo la derogación, porque así siempre la gente podrá pensar que usted está cumpliendo con su palabra, con la derogación de la tasa. Pero no es así, Sr. alcalde. Usted lo que hace es modificar una tasa, pero con el engaño de derogar una para crear otra, que es bien distinto. Y esos son sus intereses políticos y por eso tendría que reconocer, en primer lugar, que cuando usted prometía ese saneamiento sin tasa, cuando criticaba la tasa del año 14, lo que estaba era engañando. Y le quiero recordar, Sr. alcalde, que hace dos años usted estaba formando parte de esa Plataforma que hoy está sentada ahí en el salón de Plenos. Con lo cual yo le pregunto ¿quién está equivocado, Sr. alcalde? ¿Quién está equivocado? O bien está usted equivocado ahora, Sr. alcalde, o bien está la Plataforma, equivocada. Con lo cual el error también habría sido suyo, hace dos años, cuando formaba parte de la misma y defendía lo mismo que ellos defienden. Con lo cual ya vemos lo que supone la demagogia e algunos, ya vemos el recorrido que tiene. Y decía que suspendió esa tasa con esos fines políticos y nada más y la suspendió además generando, de una forma intencionada además, porque lo sabía, una situación para la empresa municipal que hoy nos preocupa a todos. A nosotros desde luego. Las consecuencias de esa suspensión del año 15, de septiembre del 15, están todavía por ver. Nosotros no la sabemos. No sé si usted las conoce. Porque nos lleva ocultando toda esa información que le llevamos pidiendo sobre la situación real de Emafesa, de la que no nos quiere contar absolutamente nada, a pesar de lo que todos sabemos, que es que las pérdidas aumentan día a día en esta empresa presidida por usted y con capital de este ayuntamiento del 51%. Y a eso hay que añadir que, además de esta situación que usted ha generado en esta empresa, se une la parálisis del saneamiento en esta ciudad. Más de un año con el saneamiento parado es responsabilidad suya. Usted suspendió esa tasa y lo que tendía que haber hecho era suspenderla y acto seguido tomar algún tipo de medida y no hizo absolutamente nada. Y le digo, Sr. alcalde, que nosotros, desde luego, no vamos a ser responsables de esa situación. No vamos a compartir ni compartimos esa suspensión, ni compartimos esta derogación, porque no es más que continuar con su engaño. Explique por qué no la modifica en vez de derogarla. Explique por qué no la modificó en el 2015 y la adaptó a la realidad del 15. Explique por qué no la modificó en el 16 y la adaptó a la situación de cada momento. La tasa del 14 era la que se tenía que imponer. Era la que tocaba y la suspensión intencionada que usted promovió sólo llevó a

que hoy Emafesa esté en una situación precaria por su responsabilidad. Desde luego no por la nuestra. Por cierto, estamos todavía esperando que nos explique si ese famoso rumor de concurso o no concurso de acreedores en la empresa existe, no existe, si se han recibido o no los burofaxes, las cartas y demás. Todo es así. Todo nos enteramos por la prensa, como habitualmente. Evidentemente no vamos a apoyar este punto. No vamos a participar en lo que consideramos que es un paripé, que tiene un único objetivo político para usted. Nosotros no hacemos política con el saneamiento, ni participamos en este tipo de cuestiones. Eso lo hizo usted de forma demagógica, cuando prometía quitar esa tasa y eso lo sigue haciendo usted, acudiendo a una derogación innecesaria, cuando lo que procedería sería modificar esta tasa y actualizarla. Y se ve que eso no le vale. Evidentemente, vuelvo a decir, nosotros no vamos a apoyar este punto. Nada más.

SR. ALCALDE: Moitas grazas. Como ben se dixo este é o punto primeiro, tanto o Sr. Rivas, que centrou a súa actuación máis no segundo, reservo a resposta neses aspectos para o segundo punto do debate.

En canto ó demais, pois só me vou deter nos argumentos do Partido Popular, porque paréceme, en primeiro lugar, que deben cambiar de asesor. Non é bo estar asesorado, intúo, polo xerente da empresa, que trata de defender con uñas e dentes os argumentos da parte privada da empresa, que utiliza os mesmos argumentos que utiliza con nós, que é ese famoso protocolo de execución concertada e que dende logo que hai motivacións políticas. Hai motivacións políticas cando vostedes falan do cumprimento dun PEC e nós falamos dunha planta que non tiña electricidade, dunha planta que tiña galerías subterráneas con ata un metro e medio de auga. Dunha planta na que tivo que substituír motores, bombas, grandes investimentos impermeabilizando tanques e do que non se deu conta a este concello. Eso non viña contemplado nun PEC. Non viña contemplado como feito impositivo dunha taxa e esa si que foi unha grande estafa que se lle pretendía imputar á cidadanía de Ferrol. Vostedes tiveron unha oportunidade de acompañar a toda a Corporación na suspensión dunha taxa, de esixir responsabilidades ante quen había que esixir, pero non o quixeron facer. Non quixeron facelo por motivacións políticas, por defender os emblemas maiores e por defender os intereses privados de grandes empresas. Polo tanto, creo que esas inundacións, esa auga que saía por un bypass, esas instalacións sen ningún tipo de persoal, á falta incluso de suministro eléctrico nunha depuradora, non viña adscrito a ningún sitio, en ningún articulado dese PEC famoso do que fala. Non se cumpriu ningún fito do mesmo e os informes que temos non son só de auditorías externas, que hai entidades públicas como a Universidade da Coruña, hai un informe do funcionario municipal e aínda estamos agardando polas actas de recepción, tanto de Augas de Galicia como do Concello de Ferrol, onde se faga constar en que estado se atopaba a depuradora, canto se tivo que investir e donde está ese gasto relacionado coa depuración das augas residuais. Polo tanto, vostede poderá tomar a posición política que considere, nós derogamos esta taxa, porque non se produzo o que se tiña que producir, que era o feito impositivo e cobrar por ese feito

impositivo e eso nos dá pé a derogar esta taxa e a aprobar unha nova. Se vostedes queren seguir defendendo o indefendible por motivacións políticas e non en defensa da cidadanía de Ferrol, pois era un asunto que terán que explicar vostedes mesmos.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. É obvio que o que acaba de dicir, todavía as cousas seguen resultando incomprensibles, non entendemos por que non rompe esa xestión dunha infraestrutura que non funciona e porque ademais asume a reparación desa infraestrutura. Tampouco entendemos por que segue a entregarlle ó Partido Popular a coartada perfecta, erros do procedemento e a documentación incompleta, un Pleno extraordinario, non debate os seus documentos. A xustificación perfecta para o Partido Popular. Porque no fondo vostedes están de acordo, o argumento que perseguen é o mesmo. O único que están a facer é darlle o argumento perfecto para que poidan debatir con vostedes sobre cuestións de forma. Explicárono eles. É un problema de formas. No fondo están de acordo. A taxa aprobada no ano 2014 era un escándalo e a taxa que pretenden aprobar no ano 2017 volve a selo, porque está baseado nos mesmos informes, os mesmos documentos que recolle esta taxa e que incluso explican que o documento que entrega Emafesa en outubro de 2016 se basea no que propuxo en maio de 2014. Decía a Sra. Aneiros que cando eles aprobaron a taxa, no ano 2014, se acompañaba de todos os informes, excepto da fiscalización da adenda do convenio con Acuaes do ano 2012. Non existe informe da Intervención municipal respecto dunha modificación que supuxo que pasásemos do 10% a ter que pagar o 13% desas obras. E vostedes asumen o 25% desas obras. E xa non é que non haxa informe de Intervención municipal, é que non hai modificación do convenio. Toman estes acordos nas Comisións de seguimento. Comisións das que non dan conta, das que non temos coñecemento de ningún tipo máis que polas investigacións que poidamos facer nós de maneira particular. Isto é obvio e demostra que teñen o mesmo obxectivo, o mesmo criterio, que no fondo teñen os mesmos argumentos. Falaba o Partido Popular dun protocolo que era marabilloso e fantástico. Un protocolo que incorporaba de maneira explícita o 6% do beneficio industrial. O actual goberno polo menos intenta escondelo dentro da documentación e o incorpora dentro dos pregos de licitación, pero vostedes non. Vostedes non tiñan nin o mínimo rubor. O incorporaban literalmente no documento que acompañaba ó protocolo de actuación. Un protocolo que incorporaba o pago dunhas obras e que ademais incorporaba conceptos como de se Narón decidía que non iba pagar os importes que se lle consignaban nese protocolo, eses importes os tería que asumir Ferrol. Ese é o marabilloso protocolo que vostedes desenvolveron no ano 2014, que se baseaba na encomenda de xestión dunha depuradora que non podía funcionar porque tiña deficiencias estruturais que impedía que puidera entrar en funcionamento. Sabe cal é a resposta? Imaxino que saberán cal é a resposta da Confederación Hidrográfica de xaneiro e 2017, deste mes, do mes pasado. Despois de dous anos temos a resposta da Confederación Hidrográfica en xaneiro de 2017? Cando lle preguntaron vostedes á Confederación Hidrográfica sobre esta cuestión? Sabe cal é a resposta, imaxínoa. A resposta é que a depuradora desta cidade non puido entrar a funcionar por situación especial imprevista de

imposibilidade de poñer en funcionamento a estación depuradora. Situación especial imprevista. Un argumento contundente.

Da mesma maneira di que ata o 2012, que se lle entregou as chaves, non se sabe a quen, desa depuradora, todo estaba perfecto.

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil di que a estación depuradora hasta o ano 2012 estaba perfecta. No ano 2012 lle entregou as chaves a alguén e esa persoa debeu chegar alí con un pico e cunha pala e empezou a reventar a depuradora e a crear fisuras, filtracións e de todo. Fisuras que llas achacan á retracción do formigón, porque a auga, como está baleira, a auga non permite que a temperatura se nivele. É dicir, que a depuradora, tal e donde está situada, cun clima tropical, como é o noso e cunhas diferencias de temperatura das que somos todos conscientes, se estropeou porque non tiña auga dentro. E vostedes asumen estes criterios. Asumen estes argumentos. Argumentos que non teñen base científica de ningún tipo. Cal é ese grao de temperatura que provoca as fisuras. Argumentos como que a depuradora, o problema é que cando se vai ver a depuradora se foi a ver en inverno e entón esas grietas en inverno, como hai máis diferenza de temperatura, son máis grandes, pero cando foron eles foron no verán e entón esas grietas xa estaban pechadas. Este argumento está recollido no informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e aínda así vostedes, en vez de dicirlle a Augas de Galicia que existía unha infraestrutura que ten unhas deficiencias

estructurais, deciden impoñer unha taxa para a xestión dunha depuradora que pretenden entregarlla a Emafesa. Cando vostedes cuestionaron a taxa que se impuxo polo Partido Popular e que ademais se nos cobrou por un servizo que non existía.

Derogar esta taxa é un argumento político, é obvio que é un argumento político. Eu penso que calquera dos que está aquí está para dar argumentos políticos. Pero é derogar unha taxa que era inxusta e o problema é que o que pretenden vostedes é volver a impoñer outra taxa inxusta. Esa é a problemática. Suspendeuse unha taxa por prestar un servizo que non se prestaba e porque incorporaba conceptos que non debería incluír. E tan mal suspendida non debía estar que o recurso presentado por Emafesa non seguiu adiante. E ten razón a Sra. Aneiros. Ten razón, porque no fondo vostedes están de acordo, é suficiente con modificala. Obviamente. Porque o obxectivo que persiguen é o mesmo e baseados nos mesmos informes. O problema é que vostedes manteñen os mesmos obxectivos, manteñen os mesmos criterios e basándose en cuestións de forma ou en defectos procedimentais queren dar a entender que están a facer algo novo.

Pretender incorporar nos orzamentos municipais os pagos das obras é absolutamente incomprendible, máis que coa idea de que pretenden que se está incorporado nos orzamentos municipais non nos vamos a enterar. Pretender que os 800.000 euros se devolvan a través dos orzamentos municipais e non esixirlle a Emafesa que devolva ese diñeiro, é incomprendible e unicamente se entende, se pretenden vostedes que ninguén se entere de nada e facer que fan, cando realmente non fan nada. Moitas grazas.

SRA. SESTAYO DOCE: Brevemente. Sen dúbida, Sr. alcalde, é certo que acaba de facer vostede unha intervención estraña respecto ó punto que traemos a continuación, pero vou a cinguirme a este. Simplemente

dende o grupo Socialista lembrar unha vez máis que a derogación da taxa, que xa dixemos, a taxa imposta polo PP que imos a apoiar, a devolución, como xa tamén condicionamos, entre outras cuestións, no seu día, o apoio ós eventuais orzamentos, a devolución do indebidamente cobrado á cidadanía de Ferrol. E digo esto porque é certo que unha vez solicitado polo Partido Socialista na xuntanza informal, na que se nos deu o borrador de orzamentos, no que tantas partidas faltan aínda, vostede anunciou que se devolvería, o cal nos alegra como grupo, pero é certo que na consignación orzamentaria, nos orzamentos non está e, polo tanto, queremos que tamén se faga con transparencia e que se clarifique que se vai derogar, que se vai devolver, unha vez derogado, o indebidamente cobrado e, ademais, o dicimos porque nos consta que existen cidadáns que teñen pedida a devolución do indebidamente pagado como taxa e que o goberno actual pois tenlle denegado ese cobro. Nos consta. Está por escrito. Está a resolución por escrito. Supoño que vostede ten coñecemento e, polo tanto, xa están en fase de recurso. Cidadáns xa recurriron por esa decisión do goberno actual de non devolver a taxa e, polo tanto, queremos que conste claramente que se vai devolver e que eses recursos que se están formulando contra a denegación da devolución, supoño que serán aceptados. Nada máis.

SRA. ANEIROS BARROS: Brevemente, Sr. alcalde. Decirle que sempre habla de que somos nosotros los defensores de Emafesa. Desde luego le vuelvo a decir, como ya le dije en otras ocasiones, que nosotros no defendemos esos intereses empresariales que usted dice. Mire si es así que la tasa que ustedes traen hoy trae un estudio de costes elaborado por Emafesa. Curiosamente. La tasa del 2014 llevaba un estudio de costes elaborado por un auditor independiente. Ustedes no. Emafesa, que es la que cobra, es también quién hace la tasa. Es curioso que seamos nosotros los que defendemos los intereses de Emafesa. Con lo cual, eso en primer lugar.

En segundo lugar, tanto que habla. Yo de momento no he visto ninguna demanda contra Emafesa por los incumplimientos que usted se cansa de decir. Defienda realmente los intereses de los vecinos de Ferrol si es así. Hágalo. Porque usted hablar habla mucho, pero es que, claro, en fin, defiéndalos de verdad. Si ha habido algún problema, algún incumplimiento, hágalo. Yo no he faltado a la verdad en mi intervención. Yo lo único que he dicho es que la tasa del 14 se aprobó con base en un documento. En este protocolo de ejecución concertada que, por cierto, es el mismo protocolo de ejecución concertada -el mismo- sin una modificación ni de una coma. El mismo en el que se basa la tasa que ustedes traen hoy a aprobar. Exactamente igual, con lo cual hasta en eso coincidimos el Bloque. No sé si decirlo, porque a lo mejor altero el sentido de alguna votación. Pero, en fin.

Y, Sr. Rivas, la verdad es que falta mucho a la verdad. Me tiene que permitir que se lo diga. Habla del convenio de Acuaes. Yo no sé si usted se acuerda que en la negociación previa que había de ese convenio con Acuaes, era de que los concellos de Ferrol y Narón tenían que participar en un porcentaje mucho mayor. Mucho mayor del que finalmente participaron. Concretamente de un 30% y finalmente se aprobó por el 10. Ya sé que me va a decir, Sr. Rivas, que ahora vamos

a pagar más. Ya lo sé. No hace falta que me lo diga. Vamos a pagar más. Vamos a explicarlo, porque hay parte de esos fondos europeos que como la obra se retrasó, no entraron dentro del... hasta el 31 de diciembre del 2015, ya lo sé. Pero, sinceramente, también sé y creo que obras como la del Río Inxerto van a permitir que el saneamiento integral de la ría sea una realidad y que merecía la pena ejecutar ese proyecto y yo estoy convencida de eso. Ustedes, como prefieren criticar al Estado y a todo lo que se mueve pues, en fin, qué más les da el río Inxerto y demás cuestiones.

Y, en segundo lugar, la demanda de Emafesa lo que se desestimó es una medida cautelar, Sr. Rivas. Yo sé que mucha gente no entenderá lo que es una medida cautelar, pero es un procedimiento secundario dentro del procedimiento principal, Sr. Rivas. Es una medida cautelar que pretendía suspender la suspensión, para entender. Eso fue lo que se desestimó. Entonces, creo que hay que ser rigurosos con las cosas que se dicen en el Pleno. Nada más.

SR. ALCALDE: Pois a rigurosos, non foi Emafesa o recorrente, senón Socamex.

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DUNHA TAXA POLO SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.- Examinada a proposta que eleva a Alcaldía, que textualmente di: "En relación á imposición e ordenación dunha taxa pola prestación do servizo de depuración das augas residuais, a xefatura de servizo de Facenda e patrimonio emite o seguinte informe:

"O artigo 15 do RDL 2/2004 reconece a posibilidade de que os municipios acordan a imposición dos seus propios tributos, aprobando as correspondentes ordenanzas fiscais, que ordenan os mesmos. En todo caso as ditas ordenanzas fiscais deben recoller un contido mínimo establecido no artigo 16 da citada norma.

Por outra parte na referida norma recolle no seu artigo 20.4 unha relación-no exhaustiva- dos servizos susceptibles de ser gravados cunha taxa. Entre os ditos servizos recóllense (artigo 20.4.r RDL 2/2004) o tratamento de augas residuais.

Cuestións formais

I.- Esixencias no texto refundido das leis de facendas locais.

A modificación deberá de axustarse ós seguintes principios:

O órgano competente para a aprobación das modificacións das ordenanzas reguladoras dos impostos e taxas é o Pleno da Corporación. Os acordos provisionais expóñense no taboleiro de anuncios durante trinta días como mínimo, dentro dos que os interesados poderán presentar as reclamacións que consideren axeitadas. Asimesmo será necesaria a publicación no Boletín Oficial da Provincia dos anuncios de exposición dos acordos provisionais, tendo en conta que, por

superar o Concello de Ferrol os 10.000 habitantes, o referido anuncio haberase de publicar ademais nun dos diarios de máis difusión da provincia.

A tenor do disposto no artigo 47 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, a aprobación da modificación de ordenanzas fiscais esixirá maioría simple. A proposta terá que ser informada pola Intervención (artigo 4.1.a do Rd 1174/1987).

Rematado o período de exposición ó público, procederá a adopción do acordo definitivo de modificación, salvo no caso de que non se tivesen presentado reclamacións, no que o acordo se elevará automaticamente a definitivo.

En todo caso, os acordos definitivos deberanse publicar integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

II.- Esixencias na lei de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Nos termos do artigo 129 da lei 39/2015, a iniciativa normativa que se pretende, persegue como fin alcanzar a financiación na prestación dun servizo declarado de interes xeral pola lei 9/2010 do parlamento galego, sendo a ordenanza fiscal o instrumento esixido pola normativa vixente, polo que -nos termos do citado precepto- a iniciativa normativa expresase a través do instrumento máis adecuado. Asimesmo a ordenanza que se propón recolle a regulación imprescindible (artigo 16 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais) polo que respecta o principio de proporcionalidade.

No relativo aos tramites de consulta, audiencia e información pública establecidos polo artigo 133 da dita norma indicase que -como queda dito- o servizo de saneamento é un servizo declarado de interés para a Comunidade Autónoma de Galiza, polo artigo 32 da lei 9/2010, lei de augas de Galiza, e esixido pola lexislación comunitaria dende a aprobación da directiva 91/271. Ademais das esixencias lexislativas, este servizo ten unha especial incidencia socio-económica no termo municipal de Ferrol, tanto nos sectores marisqueiros e pesqueiros, como no sector turístico. Neste contexto, a posta en funcionamento das instalacións esixe a creación da estrutura normativa que permita a súa financiación, polo que unha vez concluída a execución de todas as interconexións e a contratación dos servizos necesarios para a súa xestión, é de interés público a inmediata funcionalidade das mesmas, polo que -nos termos do artigo 133.4 da lei 39/2015- podrá prescindirse de ditos tramites.

III.- Esixencias derivadas da publicación no BOP de data 3 de setembro de 2014 da vixente taxa polo saneamento das augas residuais.

A imposición e ordenación da taxa analizada neste informe implica a derogación da, actualmente, suspendida. Neste sentido, de xeito previo á adopción do acordo de imposición e ordenación da taxa obxecto de informe, deberá terse adoptado o acordo de derogación da taxa publicada no BOP o día 3 de setembro de 2014.

Cuestións sustantivas

No referente ó aspecto económico-financeiro, e sen prexuízo do informe da Intervención Xeral, incorpórase ao expediente o preceptivo estudo de custos acreditativo de que os ingresos derivados do sistema tarifario cuxa aprobación se propón, non supera o custo dos servizos.

A teor do sinalado, informo favorablemente a proposta de imposición e ordenación dunha taxa sobre o servizo de depuración de augas residuais, toda vez que queda referida a un servizo dos recollidos no texto refundido da Lei de Facendas Locais coma servizo susceptible de financiamento mediante taxa, desenvolvendo a ordenanza proposta o contido mínimo esixido pola dita norma, reflectindo o estudo de custos que a estimación de ingresos non supera o custo do servizo.” En virtude do sinalado, e co ditame favorable da Comisión de Facenda e Patrimonio, propónse a adopción do seguinte acordo:

Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación dunha taxa polo servizo de depuración de augas residuais, sendo o seu contido:

“Artigo 1: Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no art. 106, da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e co disposto no art. 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello aproba a imposición e ordenación da taxa por prestación do servizo de depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2: Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de depuración -nos termos definidos pola lexislación sectorial vixente- das augas pluviais negras e residuais, recollidas pola rede de saneamento, ou no colector-interceptor do sistema de saneamento e depuración. A recepción deste servizo ten carácter obrigatorio.

Artigo 3: Suxeito pasivo: contribuínte e substituto do contribuínte.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, e as entidades a que se refire o artigo 35.4, da Lei xeral tributaria, que resulten beneficiadas pola prestación dos servizos nos locais e vivendas obrigados a realizar a evacuación das augas pluviais negras e residuais na rede de sumidoiros municipais. En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte os propietarios dos inmobles.

Artigo 4 : Responsables

- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o artigo 42 da lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das

sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da lei xeral tributaria.

Artigo 5: Cota Tributaria pola taxa de recollida e depuración de augas residuais.

- O importe do presente tributo virá determinado pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo.
- A cota de consumo será o produto do volume de auga consumida por contador expresada en metros cúbicos multiplicado polo prezo por metro cúbico correspondente ó grupo de actividade de que se trate:

Taxa de depuración e interceptación.

Tarifa	Cota servizo mes	Prezo (m3)
Industrial 1	938,03	0,3486
Industrial 2	32,31	0,3486
Industrial 3	7,31	0,3486
Comercial	4,21	0,3486
Domesticas	2,3	0,3486
Obras (edificios)	3,57	0,3486
Obras (unifamiliares)	5,23	0,3486
Autoridade Portuaria e instalacións militares	3.148,22	0,3486

No suposto de que non se poda practicar tal medición, liquidarase a taxa segundo se estipula para o consumo de auga potable.

Para a descrición e contido dos conceptos tarifarios, serán de aplicación as ordenanzas reguladoras das taxas polo subministro de auga potable e saneamento.

Artigo 6: Obriga de retribución. Período impositivo

Esta taxa ten carácter periódico. O seu período impositivo coincide co ano natural, agás os supostos de inicio ou cese na súa prestación, nos que o período impositivo será o seguinte:

- Nos supostos de inicio, desde o día que teña lugar ata o 31 de decembro. O dito inicio vendrá determinado pola acometida a rede.
- Nos supostos de baixa, desde o 1 de xaneiro ata que se produza a baixa. Toda vez o carácter de servizo obligatorio, a baixa vendrá xustificada por causas que determinen a imposibilidade do servizo

A obriga de contribuír pola dita taxa corresponde ao primeiro día do período impositivo.

Artigo 7 : Xestión da taxa

A taxa polos servizos de recollida e depuración de augas residuais xestiónase mediante padrón, en réxime de aprobación bimestral.

As altas e as baixas quedan suxeitas ao réxime de autoliquidación.

A alta no padrón poderase producir de forma voluntaria, ou mediante resolución administrativa, atendendo ao carácter de recepción obrigatoria que corresponde aos servizos que gravan a taxa.

Artigo 8: Beneficios fiscais: bonificacións e exencións

a) Gozarán dunha bonificación, aqueles aboados para os que a suma dos ingresos de todas as persoas que convivan no inmovible que corresponda á alta da póliza de aboamento non supere ó indicador publico de rendas de efectos múltiples (IPREM), segundo o seguinte baremo:

Nº membros Familiar U.	INGRESOS MÁXIMOS
1	IPREM
2	IPREM incrementado nun 10%
3	IPREM incrementado nun 20%
4	IPREM incrementado nun 30%
5	IPREM incrementado nun 40%
6	IPREM incrementado nun 50%
7	IPREM incrementado nun 60%
8	IPREM incrementado nun 70%
9	IPREM incrementado nun 80%

O importe da bonificación desglosarase:

Cota de servizo	85,00%
Cota de consumo	Estarán exentos de aboamento polo consumo dos primeiros 30 m3 correspondentes a cada bimestre. Para os consumos que excedan da dita contía aplicarase o sistema tarifario común.

Requisitos

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estaren empadroados na vivenda para a que se solicita a bonificación da cota.
- O recibo de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros ten que estar a nome da persoa solicitante, ben na súa condición de suxeito pasivo contribuínte ou suxeito pasivo sustituto do contribuínte

No mes de xaneiro do seguinte ano deberá solicitar a prórroga da bonificación da cota. A documentación será a mesma que para unha solicitude nova. De non presentala, extinguirase automaticamente o dereito e procederase a súa baixa.

En todo caso os beneficios recoñecidos no presente precepto terán carácter rogado, debendo acreditar o solicitante o cumprimento dos requisitos esixidos.

b) Exención.

Exímese do aboamento da taxa regulada na presente ordenanza a aquelas unidades familiares nas que todos os seus membros estén en situación de desemprego.

En todo caso, esta exención queda suxeita ós seguintes requisitos:

- Entenderase por unidade familiar todas as persoas que figuran no padrón de habitantes no domicilio cuxa exención se solicita.
- As persoas as que se refire o punto anterior deberán de estar en situación de desemprego. En todo caso a alta na dita situación de desemprego deberá ser posterior a 1 xaneiro de 2010.
- Corresponde ó solicitante acreditar, tanto o cese de actividade laboral como a causa do dito cese, sen que en ningún caso a presente exención sexa aplicable as situacións de paro laboral voluntarias.

O inicio de actividade laboral de calquera membro da dita unidade familiar determinará o cese da exención, correspondendo ó beneficiario a comunicación de tal extremo. No caso de que a dita comunicación non se produza e constando o cambio de situación laboral por calquera outro medio, procederase de oficio a revogar a exención, con aplicación das sancións que corresponda.

DISPOSICION ADICIONAL

Todos os suxeitos pasivos que teñan reconocida unha exención ou bonificación nas taxas de recollida tratamento e eliminación de residuos, taxa pola rede de saneamento e taxa polo subministro de augua potable, aplicaráselle de oficio o beneficio fiscal equivalente dos regulados no artigo 8 da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os contratos subscritos con anterioridade a esta ordenanza nos que o contribuínte non fose o propietario, disporán dun prazo transitorio de 18 meses para a súa adaptación á normativa vixente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor, e comezará a aplicarse, o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP)".

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de catorce votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Popular, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, fronte a seis votos a favor, correspondentes os sres./as. membros de Ferrol en Común e a sra. Fernández Lemos e unha abstención, correspondente a Ciudadanos, acordou rexeitar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. ALCALDE: Moi brevemente, porque, bueno, por algúns xa foi anticipado parte do debate, eu prefiro deixar para a segunda intervención, se hai algunha cuestión. Simplemente dicir que esta aprobación provisional vén determinada para cumprir o compromiso que existe con Augas de Galicia e o Concello de Narón para que os veciños e veciñas destas dúas localidades teñan un saneamento que poderemos concordar en que non é o que nos gusta, pero que sería absurdo paralizar, en busca dun investimento multimillonario para conseguir augas separativas e é para que entre en funcionamento o 1 de abril, que é unha demanda tamén explícita das confrarías de pescadores e mariscadores de Fene e de Ferrol, que foi aprobado en Narón xa en xuño, que aquí tardou en aprobarse, debido a que a última certificación das obras da depuradora chegou o 30 de novembro. Xa o expliquei no anterior Pleno. O 5 de decembro pediuse unha reunión con Augas de Galicia para concretar este acordo, que non foi concedido ata mediados de xaneiro e é entón cando comezamos os traballos para aprobación desta taxa.

Dicir que o custo desta taxa é a metade da outra marxe da ría. Tampouco é algo do que debemos estar orgullosos, pero que é unha realidade e que se non activamos a taxa non haberá servizo de depuración, pois se fai esa apelación á responsabilidade que non é banal e gratuíta.

E unicamente clarificar, antes de entrar no debate estricto, que nos orzamentos municipais non hai unha partida para obras. Hai unha partida que vai destinada a que unha vez auditadas todas as contas da empresa se determine cales son única e exclusivamente relativas á depuración, como se explicou en Comisión, como gastos de electricidade ou gastos de persoal e todos aqueles gastos acometidos por Socamex e pola parte privada, sen coñecemento do concello, como foi impermeabilizar tanques, substitución de equipos ou gastos que non teñen nada que ver coa depuración stricto sensu van ser reclamados vía xudicial. Polo tanto, dicir claramente, primeiro, que a nosa prioridade é activar o saneamento. Segundo, que se reclamará ante quen corresponda cada unha das facturas que consideramos que non tiveron que ser cursadas por parte da parte privada da empresa e, terceiro, por se non quedou claro, que se derroga unha ordenanza porque non se prestou un servizo, obviamente se xenera un dereito de devolución ás persoas que abonaron ese recibo. Non podemos facelo ata que estea plenamente certificado, pero existe o compromiso deste goberno. E non é un compromiso, é unha obriga legal de devolver ese recibo indebidamente pagado.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Muchas gracias. He estado escuchando atentamente todas las intervenciones de los grupos políticos. Considero, efectivamente, que esto nada más es una cuestión política, porque se podía haber modificado la anterior tasa o se puede haber derogado, como hemos hecho hasta ahora y realmente lo que decíamos desde Ciudadanos, y mantengo, es que aquí no se puede derogar una tasa, sin imponer otra, si queremos sanear y que redunde, efectivamente, como usted se comprometió, entre los ciudadanos. Entre los ciudadanos, que además es muy importante, porque reitero la riqueza de los mariscadores, el impacto medioambiental, que llevamos

años sufriendo, pues es necesario que se inicie la depuración. Así pues, como es obvio, cualquier imposición de una tasa, en este caso nueva, aunque haya una anterior que pudiera estar mal calculada, viene ligada a un estudio estimativo previo. Ese estudio se realizó por Emafesa. Nos hubiera gustado también y también voy a decirlo aquí, bueno, como anteriormente manifesté, esa rapidez en intentar aprobar las cosas sin tiempo conlleva a que, efectivamente, consideremos que podían haber aportado también algún estudio más, algún informe más al respecto para a ver si ese cálculo, de los que Emafesa habla, pues es el razonable. Que entendemos que en principio debe ser razonable y razonado y en principio en el informe así parece. Pero, claro, lo que no puede hacerse es -vamos a ver, voy a decirlo con claridad- decir a unas cosas que no, de Emafesa, y a otras que si o suponer que un informe está bien y el otro está mal. Es que eso es lo que así el criterio no puede fijarse de una manera razonable. Nuestro voto, yo voy a escuchar y voy a meditar todo lo que aquí se diga. Debería estar vinculada la derogación de una tasa, como decimos, a la imposición de una nueva y por eso voy a escuchar y voy a esperar a ver lo que se dice aquí. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. En primeiro lugar dicir que non sei como se poden condicionar os orzamentos municipais á devolución dunha taxa. Porque quen creo que ten que devolver a taxa é Emafesa e non o Concello de Ferrol, que foi quen a cobrou por un servizo que non se prestaba.

En segundo lugar, dicir que a taxa de 2014 está baseada nun informe de Emafesa, que despois está fiscalizado a través de Audigal. Pero o informe no que se basa a taxa de 2014 é o mesmo no que se basa a taxa de 2017. A taxa de 2017 recolle que está baseada no informe do ano 2014. O documento co cal elaboran esta taxa de 2017 se basea nun informe elaborado no ano 2014 e que supostamente se actualiza neste ano 2017. Por tanto, o Partido Popular se baseou nun informe da empresa Emafesa, da mesma maneira en que se está a basear este goberno nun informe da empresa Emafesa.

En terceiro lugar, dicir que na negociación previa á que se refire a Sra. Aneiros, na que íbamos a ter que pagar un 30% polas obras, non sei se se refire a unha negociación desas que desenvolven en reunións privadas e que vostedes non acaban de chegar a acordos, tipo ás que acaba de comentar o Partido Socialista e que mantiñan con Ferrol en Común neses encontros privados ou aquelas nas que en base ó que lle acaban de comentar os seus anteriores compañeiros de goberno, que mantiñan en reunións privadas posicións diferentes respecto da derogación ou suspensión da taxa. Acábanllo de comentar, non o dixer eu. Refírome a que se é nese tipo de reunións nas que vostedes decidían tamén pagar o 30%, ou o 10%, ou o 20%, quen sexa. O problema está que vostedes asumen que os veciños e veciñas desta cidade teñamos que pagar por unha obra declarada de interese xeral desde 1997. Asumíanos antes, asúmeno agora e seguirano asumindo no futuro, porque son absolutamente sumisos respecto a todas estas decisións que se toman na Administración estatal, da mesma maneira que o fai este goberno. Ese é o problema. E o problema é que lles dá igual que pasemos de pagar un 10% a un 13%, cunha modificación que non ten fiscalización da Intervención municipal durante o seu mandato e que

agora teñamos que pagar o 25%. Di vostede que esto é produto de que a obra se retrasou. Pero a obra se retrasou por que? Por inspiración divina. A ninguén se lle ocorre pedirlle responsabilidades a ninguén polo feito de que unha obra que teña que estar rematada en decembro de 2015, estemos en febreiro de 2017 e siga sen estar rematada. A ningún de vostedes se lles ocorre pedir responsabilidades por eso. E desa maneira son incapaces de asumir que o convenio asinado con Acuaes é susceptible de anulalo. Así o demostraron no anterior Pleno, nese goberno de concentración, no que o Partido Popular, o Partido Socialista e Ferrol en Común votaron en contra de anular un convenio que nos obriga a pagar o 25% das obras. Esas son as obras que vamos ter que pagar, a parte dos acordos que vostede teña, que xa nolo explicará se nolo quere explicar nalgún momento. Esas son as obras que vamos ter que pagar a través da vía orzamentaria. Explicouno vostede nunha Comisión. Dixo claramente que as obras de Acuaes as íbamos a ter que pagar a través dos orzamentos municipais. E dá igual. Dá igual que o inclúan nos orzamentos ou deixen de incluílos. Inclúeno. Pero daría igual, porque o convenio que asinou o Partido Popular e que vostedes ratifican, permite a Acuaes recurrir ó Ministerio de Fomento e reclamarlle eses importes a través da participación dos ingresos do Estado que recibe este concello ano tras ano. Con cal, ou ben anulamos ese convenio ou vamos ter que pagar esas obras como sexa. E o problema é que ese método, ese convenio, ese acordo tan maravilloso que asinou o Partido Popular, vostedes están de acordo con el e o ratifican.

Decía o Partido Popular que a resolución sobre o recurso de Emafesa é unha suspensión cautelar. Isto quere dicir que vostedes están de acordo con que a taxa que se cobrou no ano 2014 está ben cobrada? Que cobrarlle ós veciños e veciñas desta cidade por un servizo que non se prestou é lícito? Están vostedes de acordo con isto? Deberían aclaralo, porque non acabamos de comprender cal é a súa posición, a pesar de que di que vostede non defende os intereses da parte privada da empresa Emafesa.

Nese senso vemos que o que agora nos propoñen non é máis que máis do mesmo.

Non comprendemos por que aceptan a xestión dunha infraestrutura defectuosa. Por que siguen a xestionar de maneira privada unha infraestrutura coma os interceptores xerais, cando tiñan a posibilidade de que esa xestión se puidera facer de maneira directa. Non comprendemos por que imos a ter que pagar por un servizo que non se presta. Tampouco entendemos como non teñen ningún control sobre unha das partes importantes que compón esta taxa, que son os custes eléctricos. É incomprendible. Hai cuestións que se recollen na documentación que vostedes nos achegan que son incoherentes, que son contradictorias. Costa máis a electricidade na estación depuradora e na estación de bombeo que nos interceptores xerais. Eso é normal. Nos parece normal que unha infraestrutura, que é a única que presta un servizo de saneamento teña un custe diferente para a estación de bombeo da electricidade que para os interceptores xerais. Tamén nos parece normal que a estación depuradora e a estación de bombeo teña un custo homoxéneo ó longo de todo o día e ó longo de todo o ano, cando a tarifa que se lle aplica para esa infraestrutura sexa a

mesma que a dos interceptores. Eso tamén lles parece normal. Tamén lles parece normal que os informes que teñen de Augas de Galicia, os informes que teñen de Emafesa, supoñan variacións de medio millón de euros uns respecto doutros. Eu xa lle dicía. Eu cando menos creo que isto despertaría algunha dúbida e cando menos deberían facer algún tipo de fiscalización sobre cales son os importes que lles pretenden cobrar. Lles parece normal que Acuaes o que importa son partidas alzadas para o mantemento, a limpeza e a reparación deses interceptores xerais. Unha partida alzada. Puxeron 300.000 euros, como puideron poñer 500.000. Íbamos asumilo igual. Son os acordos ós que chegaron vostedes nesa Comisión de seguimento na que, por certo, Acuaes ten a maioría, catro membros. Catro membros forman a Comisión de seguimento do convenio. Un do Concello de Ferrol, outro do Concello de Narón e outro de Augas de Galicia. Algo equivalente ó que pasa en Emafesa. A parte privada é a que ten a capacidade para tomar as decisións e a vostedes isto lles parece lóxico e normal. Dicía o Partido Popular que a taxa é obrigatoria. Que é o mesmo argumento? Van utilizar o mesmo argumento? Tamén é obrigatoria a depuración da ría e non verter máis augas sen tratar á ría. Levamos anos facéndoo. Ímolo seguir facendo con este sistema de saneamento. Este non é un problema. É un problema que a taxa por prestar o servizo de saneamento sexa obrigatoria. Ese é un problema. Pero que este sistema de saneamento vaia a provocar verquidos na ría de Ferrol, eso non é un problema e aí non pasa nada se nos estamos á legalidade. Non pasa nada se a rede ten que ser separativa. Tampouco pasa nada por canalizar augas brancas, como dicía, tampouco pasa nada. Eses problemas de legalidade nos los saltamos.

E, sinceramente, que pretendan facer todo isto sen que teñan a capacidade para decidir quen xestiona unha infraestrutura que cando menos debería ser motivo dun acordo plenario, nos parece absolutamente sorprendente. A estación depuradora e a estación de bombeo necesita un acordo plenario para poder dicir quen ten que asumir esa xestión dese servizo. Asumir a tarifa variable, incorporada no convenio con Acuaes require dunha aprobación plenaria para modificar ese convenio e vostedes deciden impoñer unha taxa para entregarlle a Emafesa e para entregarlle a unha trasnacional a xestión dos interceptores, sen ter eses acordos.

Cal é o motivo polo que están a tomar estas decisións? É absolutamente incomprendible e, xa lle digo, ademais con carencias de documentación. O informe da Intervención municipal do ano 2012, respecto do convenio, esixía un proxecto taxativo de gasto plurianual e unha xustificación da excepcionalidade do que vostedes están a aprobar hoxe aquí. Eses documentos donde están?

O que pretenden vostedes facer hoxe aquí é absolutamente inasumible. Nós pedímoslles que rectifiquen e que quiten este punto da orde do día, porque non ten pes nin cabeza o que pretenden facer. Moitas grazas.

SRA. SESTAYO DOCE: Antes de nada para clarificar por unha intervención do voceiro do BNG que o Partido Socialista condicione, entre outros puntos, á aprobación dos eventuais orzamentos a devolución da taxa, non quere dicir que salga do público. Se lera as actas dos Consellos de Administración de Emafesa vería onde sempre os

conselleiros representantes do Partido Socialista esixiu a Emafesa, a parte privada, que pague, que sexan eles os que devolvan a taxa. Eso é o que consta nas actas e, polo tanto, ou no le as actas ou ben, en política vale todo. Algúns arriscamos esas ameazas sobre o noso patrimonio privado. Entón non queren entrar nos consellos para tomar decisións difíciles. O Partido Socialista os asumiu con todos os costes.

Entrando nesta proposta, Sr. alcalde, dicía vostede fai un momento algo que compartíamos e que compartimos dende o Partido Socialista. Efectivamente, a anterior taxa estaba imposta, bueno, dicía simplifícadamente, polo Xerente de Emafesa da parte privada. A taxa do Partido Popular que aceptou o Partido Popular. Pero resulta que hoxe Ferrol en Común e as non adscritas, o goberno de Ferrol, trae unha taxa imposta por Emafesa, pola parte privada de Emafesa. Os únicos custos que hai, como xa anunciamos en Comisión, salvo que vostede hoxe nos ilustre con algo novo, é este informe. "Informe estudio de costes justificativos y tarifas de saneamiento en alta y depuración del Concello de Ferrol". En base a isto é o que se trae a taxa, do mesmo xeito que fixo o Partido Popular. Explíquenos, Sr. alcalde, como pode ser que desá suposta empresa, desá empresa da que desconfiamos, desá empresa que tiñamos que exercer accións legais, desá empresa que nos tiña que facer, que se tiña que someter a un control de auditoría, a esa empresa cuxo xerente pedimos o cese dende a parte pública, toda a parte pública, hai que dicilo, como é posible que esa empresa sexa a que lle encomendamos, a que faga os custos para que paguen todos os cidadáns. Imos a repetir o erro do que acabamos de derogar. É absolutamente inasumible e inentendible. Trae unha taxa que respecto ó procedemento, ademais, Sr. alcalde, non intente contaminar nin facer cómplices ós grupos municipais, que acudimos atónitos a unha desas derivas erráticas que vostedes anuncian unha cousa e ó día seguinte fan outra. Nos dicía na xunta de voceiros, na que nos daba ese borrador incompleto de orzamentos, que faría unha Comisión monográfica unha vez que tivera toda a información para a elaboración da nova taxa e que, polo tanto, teríamos que esperar para coñecer toda a información. Sen embargo, esta xuntanza que tiña lugar un venres pola mañá, o luns tiñamos unha convocatoria dunha Comisión extraordinaria na que sen coñecer nada novo, sen embargo o alcalde pois cambiaba de opinión e sometía a unha Comisión sen ningún tipo de información. Unha Comisión extraordinaria sen documentación e agora un Pleno extraordinario sen máis documentación, a baseada na aportación dunha empresa privada á que vostede acaba de criticar na súa anterior intervención. Sen dúbida, Sr. alcalde, a falla de rigor, a incoherencia e inconsistencia deste goberno, é inasumible. Vostedes, ademais, dentro dos custos desta taxa tan rigurosa, aparecen índices como a pluviometría de 2008 -xa choveu- ou unha tarifa eléctrica 6.1 que xa non existe. Por exemplo, está baseada en parámetros que xa non existen a día de hoxe, pero vostede, pois consinte que ese xerente ó que acaba de demonizar na súa anterior intervención para derogar a taxa do Partido Popular, sen embargo sexa quen faga os custos para impoñer unha nova taxa. Unha nova taxa encomendada a unha xestión da Edar por Augas de Galicia, un protocolo de execución concertado con Emafesa, que seguen vixentes no

limbo da legalidade e sen que vostede de novo dea ningún tipo de explicación ós grupos, a pesares de que está anunciado dende fai un mes nunha xunta de voceiros. Nin xunta de voceiros, nin Comisión monográfica, nin documentación, nin información. Falla de rigor, falla de claridade, falla de transparencia e agora acuden a un Pleno extraordinario con unicamente esta documentación. Unicamente esta. Emafesa parte privada.

Este goberno pretende que se aprobe, polo tanto, unha nova taxa a presa e correndo, con total opacidade, con nocturnidade e alevosía, sen compartir información algunha con ninguén. Dende logo non compartiu co Partido Socialista, eso seguro e aceptando cos ollos pechados o único estudio de Emafesa, agraciada nos orzamentos con 2,5 millóns de euros, que saen dos orzamentos públicos e saen do mesmo patrimonio daqueles cidadáns e cidadás que se viron gravados pola taxa ilegal que acabamos de derogar. Por eso resulta que ademais a Emafesa lle regalamos, nese borrador de orzamentos incompletos, 2,5 millóns de euros. Pero eses 2,5 millóns de euros que, claro, se van aplicar para unha taxa que parece máis para o saneamento da empresa privada Emafesa que para o saneamento da cidade. Eso é o que resulta destes estudos e se existe algún outro informe que vostede teña á súa disposición e que por estraña razón non quere compartir polos grupos, é o momento de dicilo, Sr. alcalde, pero non pode pretender chegar a un Pleno, chegar cos informes desa empresa que temos que controlar, dunha empresa privada, da parte privada de Socamex, coa que temos tanto e tantas discusións, tantos debates, tantos momentos tensos pola cuestión da taxa, pola cuestión da depuradora e por tantas e tantas cuestións que a veces se mezclan con demasiadas frivolidades e que son cuestións diferentes. Aparece vostede cunha proposta, insistimos, para resolverlle os problemas a unha empresa privada. Nos gustaría saber por que aparece vostede como cómplice deses intereses que tantas veces criticou. Non o entendemos. O dicimos con absoluta honestidade. Non sabemos a razón pola que vostede en vez de, mire que non tivo tempo, vostede ademais o responsable de Facenda, o responsable único de Facenda dende fai moito tempo e, polo tanto, vostede ten a posibilidade de encomendar o que sempre dixemos, estudos independentes, estudos de auditorías, estudos de técnicos municipais, pero non opta polo estudio exclusivo da empresa que ten que sacar un beneficio privado. E isto é o que presenta hoxe cara ós cidadáns. Unha taxa que ademais xa entramos no principio, no grueso, pero ademais impoñen na parte variable da taxa cuestións tan discutibles como que pague todo o mundo o mesmo. Paga o mesmo unha persoa nunha vivenda cunha pensión non contributiva que os grandes contaminadores, pagan exactamente igual. Está fixada. Polo tanto, nin sequera quen máis contamina paga, nin sequera ese principio esencial, xa non da esquerda, senón da cidadanía, da ética e da actualidade, nin sequera é aplicable nunha taxa que se aplica de prisas e correndo e que seguramente lle importa un bledo á empresa privada pois que as persoas que non teñen pensión contributiva teñen que ter unha diferenza, unha discriminación positiva, beneficiosa en lugar de compartir a mesma taxa e o mesmo pago que por exemplo a Autoridade Portuaria. Esa é a realidade do que presentan vostedes aquí. Polo tanto é dificilmente asumible unha taxa que non sabemos a

que responde. Non sabemos a que responden. Non sabemos se o caos, a deriva, a falla de rigor e de traballo lle conduce a solucións tan inxustas como esta. Pero se era inxusta unha taxa imposta por Emafesa, que acabamos de derrogar, segue sendo inxusta unha taxa imposta por Emafesa que se acaba de presentar. Estamos exactamente ante a mesma situación e estamos ante a mesma situación con falla de transparencia. Na anterior se encomendaba a Emafesa, se encomendaba a un auditor e ese auditor aprobado por Emafesa ou aceptado ou nomeado por Emafesa era aceptado polo goberno no seu día do Partido Popular, agora xa non se nombra auditor, agora xa directamente os costes, o informe feito por Emafesa e presentado polo Xerente de Emafesa, ese xerente ó que quixemos cesar como goberno, resulta que eses informes, eses custos son os que valen. Por certo, onde se inclúen incluso algúns custos que agora sabemos, coma o de explotación dos interceptores, que son menores dos que figuran na propia Emafesa, pero que nós temos que asumir. Se ve que temos que solucionarlle o problema ós grandes empresarios dende a cidadanía de Ferrol. Polo tanto, difícil papelón a presentación desta taxa, Sr. alcalde.

SRA. ANEIROS BARROS: En primer lugar me gustaría precisar algunas cuestiones que se comentaron, antes de entrar en el asunto. Me gustaría que entre la documentación que hay pendiente nos entregara ese certificado de fin de obra del 30 de noviembre de esas, bueno, las famosas fisuras porque, en fin, nos gustaría tenerlo, porque en la documentación que se nos ha pasado da la sensación de que esas obras se hicieron antes, pero bueno, nos gustaría tenerla para poder valorarlo. De todas formas esas fisuras, también quiero recordar, surgieron allá por el verano del 2015 y que se han ejecutado un año después. En fin. Nosotros ya le dijimos, Sr. alcalde, que las obras que se hicieran, que no era una excusa para paralizar el saneamiento y que acto seguido se reclamara a quien correspondiera. No hay ningún problema, las obras se hicieron, ¿van a paralizar el saneamiento? Creo que no. No debiera ser. Se ejecutan y se reclaman a quien sea, a quien los técnicos consideren que se debe reclamar, sin ningún tipo de rubor, sin ningún tipo de problema. ¿Dónde está? Esa es la excusa que usted ha tenido todo este tiempo para no poner en marcha el saneamiento. Para no darle continuidad a los procesos de depuración. A mí desde luego no me valen. Después dice usted, Sr. alcalde, que como se deroga la otra tasa, ese paripé que nosotros consideramos, porque, insisto en que debería ser una modificación, que eso como que en automático genera la devolución. Bueno, entiendo que las derogaciones son desde la fecha en las que se deroga. Pero bueno, ya nos contará usted. Desde luego una derogación o tiene carácter retroactivo en automático. Pero también me gustaría decir que si tanto problema generaba la otra tasa podrían haberla anulado en vez de derogarla. No sé por qué no lo hicieron.

Decirle al Sr. Rivas, antes de continuar. Es que Sr. Rivas, de verdad, léase, por favor, tome nota. La Directiva 2000/60 del Parlamento Europeo, léasela. Que el saneamiento requiere de una tasa, lo dice una Directiva europea. Una tasa justa, una tasa real, una tasa, llámele como quiera. Pero es así, Sr. Rivas. Y lo demás es faltar a la verdad. Léasela, por favor. Porque es que, claro. El problema de todo esto es que usted, Sr. Rivas, tiene la misma

postura, exactamente la misma que el Sr. alcalde tenía cuando no era alcalde. Ese es el problema. Y ahora el alcalde se da de bruces con su propia realidad, que es la de que cuando uno está en la oposición, como usted, Sr. Rivas, y como antes el alcalde, decía lo que le gustaba oír a la gente. Pero eso es engañar. Y más engaño es volver ahora con la derogación de una tasa, cuando lo que hay que hacer es modificar y actualizar esa tasa. Pero bueno, en fin, esto es lo que hay. Y, sinceramente, quiero recordarlo, porque cada vez que digo que el alcalde no prometía el saneamiento sin tasa. Mire, es que ya era alcalde, Sr. alcalde. Ya era alcalde. 18 de septiembre de 2015. Aquel famoso Pleno de la suspensión. Voy a leer textualmente, Sr. alcalde: "A suspensión da aplicación implica que non se lle vai a cobrar ningunha taxa a ningún veciño nin veciña de Ferrol". Por certo, que é o que nós levamos no noso programa. Que é o que nós levamos nese programa, que non se lle vai a cobrar ningunha. Non esa, Sr. alcalde. Ningunha. Ó mellor errou no adverbio. Pode ser. Pero aquí nas actas, que é que ten os Plenos, e que di que non se lle vai cobrar ningunha taxa a ningún veciño nin veciña. Vostede verá, pero pode revisar a acta.

En canto ó punto, dicir, en primeiro lugar, que teño que calificar case como de desfachatez que este goberno traiga este punto hoy a este Pleno. Hemos criticado de forma reiterada la falta de transparencia, la opacidad más que absoluta de este gobierno con cuestiones que afectan directamente a este tema. Hemos preguntado y nos hemos preocupado por la situación actual de la empresa pública Emafesa. Que hemos conocido rumores de que podría estar incursa, de que podría estar atravesando una situación lo suficientemente precaria como para tener que iniciar un proceso de concurso de acreedores. Y usted no nos informa de nada. Nos enteramos por la prensa. Por cierto, iba a llegar ese documento y ni siquiera nos ha informado de si llegó o no llegó. Ese famoso documento que iba a llegar. No sabemos ni siquiera ha llegado y en qué momento estamos.

Desconocemos los asuntos... Decía la Sra. Sestayo que no conocíamos el contenido de los Consejos de Administración. Es que, Sr. alcalde, llevamos, desde que usted llegó aquí, pidiendo copia de las actas de esos Consejos de Administración. No nos informa de nada. No sabemos lo que pasa en esos Consejos cuando se celebran. Nada. Después nos entrega un borrador de un borrador, un boceto de borrador o llámele cómo quiera, de presupuestos, con una partida de 2 millones y medio de euros. Nada más y nada menos que 2 millones y medio de euros para Emafesa. Evidentemente creo que eso pone ya de manifiesto la gravedad de la situación. Y no nos informa de nada y no nos justifica nada. Es que ni siquiera nos reúne para darnos una explicación de qué es lo que está pasando. Para qué son esos 2 millones y medio de euros. ¿Acaso son para pagar la tasa que usted suspendió en el 2015? Claro, explíquenos todo esto. Y hoy pretende aprobar una tasa. Por cierto, la que nunca aprobaría un gobierno de izquierdas, como decía usted, que era el gran defensor de la remunicipalización, que esta era la oportunidad para remunicipalizar todo el ciclo del agua y patatín, patatán y hoy nos traen una tasa al mismo tiempo que nos oculta toda esta información. Yo, de verdad, me parece un auténtico despropósito, Sr. alcalde. Su osadía es muy

importante. De verdad se lo digo. Un gobierno caracterizado por la ocultación y por la opacidad trae esta tasa después de haberle... Es que no es una casualidad que le pidamos hoy esta documentación. Es que hace meses que se la venimos pidiendo. Es que a mí me parece de atrevimiento. Se lo digo de verdad. Y desde luego, desde el punto de vista, al margen de las formas, que yo creo que no soy la única que también lo dice, desde el punto de vista de la ordenanza a mí me gustaría, porque hemos hecho números y me gustaría que nos explicara una cosa. Porque hemos hecho números y me gustaría que nos explicara una cuestión. Dijo públicamente el otro día que con esta tasa Ferrol y Narón iban a pagar lo mismo. Fue lo que dijo y yo no lo entiendo. Porque los números no me dan por ningún lado. Yo he cogido la propuesta que hoy traen al Pleno y he cogido la tasa de Narón, que aprobaron en el mes de junio. Bastante antes que la Ferrol, por cierto. Y realmente la diferencia mete miedo. El cálculo es muy sencillo. Es una simple multiplicación. Invito a todos a que hagan la multiplicación. Yo hice el cálculo para un consumo medio de 10 metros cúbicos. Ferrol, consumo 10 metros cúbicos al mes, 5,79 euros. Narón, mismo consumo, 10 metros cúbicos, 3,32. Ferrol, 5,79. Narón 3,32. Es que a mí es lo que más me preocupa. Es que aquí podemos debatir de cuestiones políticas y demás. Pero es que usted dijo públicamente que íbamos a pagar lo mismo. Yo simplemente le pido, que lamentablemente se lo pido en este Pleno. Porque como todo es a prisas y corriendo. Dígame si es que usted ya miente sin ningún control, cuando dice que pagamos lo mismo Ferrol y Narón o dónde está el truco. Dónde está la parte que usted nos está ocultando, que no nos ha explicado o cuál es el problema. Porque yo le puedo garantizar que las multiplicaciones las hice de todas partes, de derecha a la izquierda, de izquierda a la derecha y el resultado es éste. Y yo invito a los demás, que a lo mejor si me equivoco que me lo digan. Pero es éste. Y me parece gravísimo que traiga a Pleno una propuesta que pasa porque un ferrolano por vivir en Ferrol pague más de un 40% que un vecino que vive después del Puente de las Cabras. Yo quiero que me lo explique. Porque usted mismo era el que decía que pagarían lo mismo. Lo cual me parece normal, que Narón y Ferrol paguen lo mismo. Pero es que esto no es lo mismo. La tasa de Narón es mucho más baja que la de Ferrol y a mí esto, además de que usted miente si es así, o hay algo que nos está ocultando o si no, en cualquiera de los dos casos me parece gravísimo. Se lo digo de verdad. Porque apoyar aquí una tasa que plantea que Ferrol vuelva nuevamente a quedarse atrás, a pagar más que los vecinos de Narón, yo, sinceramente, no lo entiendo. Desde luego a nosotros no nos vale y espero que nos justifique lo que no nos ha justificado en la Comisión. Dicho lo cual, que es lo que me parece más importante, me gustaría también citar un incremento que también nos preocupa en esta tasa, que es la de los comercios. Casi se duplica la cuota de servicio al mes con respecto a la anterior tasa. 2,3 euros al mes de cuota de servicio en la anterior, 4,21 en ésta. Una diferencia de 23 euros al año, ni más ni menos, para los comerciantes. Más de dos mil comerciantes que hay aquí en Ferrol abonados y que, hombre, creo que después de lo que están sufriendo por los temas de la peatonalización salvaje que pretenden imponer,

ahora que también les hagan pagar más, yo creo que ya les va llegando.

Igual pasa con las tarifas industriales. Usted me dirá que como son empresas que le da igual. Pero, bueno, también nos preocupa el incremento importante de esta tasa para las tarifas industriales, porque las empresas, quiero recordar, que también generan riqueza y empleo en la ciudad. Y, por cierto, si sumamos todo, globalmente esta tasa al final recauda más que la anterior. También. También hay que decirlo.

Cuestiones como por ejemplo en la anterior tasa, en la del PP, había una exención. Una exención que decía que todos aquellos titulares. Todas aquellas personas que tuvieran un consumo cero estarían exentas. Es decir, no pagarían nada. Lo han retirado. ¿Qué quiere decir? Pues que todas aquellas personas que tengan un consumo cero ahora van a pagar. Hombre, pues mire que mejoramos con este gobierno de izquierdas y demás, el remunicipalizador y demás. En fin. Ya nos explicará también por qué.

Otra cuestión. También me gustaría que nos explicara otra cosa. El saneamiento de la zona rural. Esta tasa al final es más cara sin el saneamiento de la zona rural. Es que yo le quiero recordar que la maldita tasa del PP incluía el saneamiento de la zona rural. Es que el PP tenía un proyecto, que está en este concello y usted conocerá, con un cronograma planificado, con un plan de financiación que haría realidad el saneamiento en la zona rural, que si no estuviera hoy gobernando ya habríamos avanzado bastante en la zona rural en materia de saneamiento. No, si usted me va a decir que no existe ese proyecto y que no estaba con una planificación, un cronograma y un plan de financiación. Pues podemos sacarlo si quiere y lo podremos comprobar y que en esa tasa no iba incluida una parte precisamente para que ese saneamiento en la zona rural fuera real. Pero bueno, que me da igual. Nos criticará, pero yo le digo ¿cuál es su proyecto para la zona rural? Porque también nos preocupa. Díganos qué planes tiene. Si se va a poner con eso también.

Y, bueno, cuestiones como las ya citadas en este Pleno. La famosa adjudicación de la explotación de los interceptores a Acuaes. Pues evidentemente usted, que su gobierno es el gobierno remunicipalizador, el gobierno que iba a acabar con las privatizaciones, pues bien, cuando llegan lo que hacen es que esos interceptores los gestiona una empresa privada y no se sonrojan y no pasa nada. Por cierto, una adjudicación que está paralizada. Perdón, que estuvo paralizada por culpa de este concello. Por culpa de que este concello se comprometió en el mes de abril del 2016. En el mes de abril se comprometió a entregar un simple documento. Una simple retención de crédito para que Acuaes supiera que había dinero para pagarle. Pues esa retención de crédito, que es un documento que se firma en una mañana, usted se comprometió a entregarlo en abril y lo entregó en el mes de diciembre. Por cierto, también, lo entregó justo cuando sale en prensa que llevaba desde el mes de abril sin entregarlo. Y usted dirá, es que las obras de la depuradora estaban en marcha y no se podía poner en funcionamiento y patatín patatán. Entonces para qué se comprometió con Acuaes en entregárselo en el mes de abril. Entonces usted engaña a todo el mundo. A los vecinos, a

Acuaes, a Emafesa. En fin. Es así, Sr. alcalde. Aquí hay una parálisis del saneamiento real. Los interceptores están listos desde principios de año y los interceptores, que son los que permiten un aumento del caudal que llega a la depuradora están parados. Y están parados porque usted no los ha puesto en marcha y mientras tanto pues las aguas siguen vertiendo en la ría, en el medio de la ría. Pues, en fin, ya también lo explicará. Pero bueno, también explicará lo de la privatización, que es lo que usted no había prometido pero que sigue haciendo.

Y lo que le decía antes, Sr. alcalde. Hombre, que nosotros que éramos los que defendíamos a la empresa y que usted ahora pues ni siquiera tenga pues el mínimo reparo en presentarnos un estudio de costes elaborado por la propia Emafesa, que es la que va a cobrar la tasa, cuanto menos podía haber encargado una auditoría externa, una auditoría independiente para precisamente darle el visto bueno a eso. Es que usted mismo es el que dice que no se fía de Emafesa. Si no se fía de Emafesa, para otras cosas sí se fía para cobrar la tasa. Es que, Sr. alcalde, de verdad que su argumento no tiene consistencia ni peso ninguno. Se lo digo sinceramente. No puede decir lo mismo y lo contrario al mismo tiempo, sin que le creamos a las dos cosas. En algo nos está engañando y por eso ahora pretende aprobar esta tasa con esta situación, sin planes para el rural, incrementando el gravamen a los comerciantes, con una tasa más cara en Ferrol que en Narón. Usted que hablaba de la gestión conjunta. Qué va a ser una gestión conjunta donde va a haber vecinos de primera y de segunda. Claro, los de segunda siempre son los de Ferrol. ¿Es eso? Pues explíquelo. Porque es que entonces lo que tenemos es que dudar de todo lo que nos está contando. Explíquelo. Y estoy esperando esas explicaciones. Y todo esto, vuelvo a decir, sin dar ningún tipo de explicación. Tenemos, a pesar de todas estas dudas, de todas estas cuestiones que estamos planteando, tenemos que creer a pie juntillas todo lo que usted nos dice y votar a favor de esto. Claro que sí, al saneamiento. Pero usted era el que decía una tasa justa. Porque, por otro lado, dijo la Sra. Sestayo, creo que fue, que con su grupo municipal no ha hablado. Es que con éste tampoco. No sé si con el Sr. Rivas o con la representante de Ciudadanos. Desde luego con nosotros tampoco ha hablado. Sigue en minoría. Sigue en la situación que está su gobierno y sigue trayendo temas fundamentales para la ciudad como si estuviera gobernando tranquilamente. Pues, en fin, desde luego creo que así mal vamos, eh?, Sr. alcalde. Mal vamos.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sra. Aneiros. Vamos por partes, decía Jack el Destripador.

En primeiro lugar, nós, é certo, non temos unha maioría absoluta para impoñer o rodillo e impoñer unha taxa inxusta na que se cobraba ós veciños por conceptos que non tiñan que ter lugar. Quero dicir que esta é unha aprobación inicial, que terá o seu trámite, de ser o caso, de aprobación definitiva con alegacións polo medio para esas cuestións que comenta respecto ós comercios, etc. Que esta taxa, xunto co convenio, foi negociado co convenio de Narón. Me refiro ó convenio do que falaba o Sr. Rivas, o convenio de Acuaes, polo que as obras do río Inxerto quedaron fóra da financiación europea e que vai

ser levado vía parlamentaria ou vía xudicial. Non se pode anular o convenio así a lo bruto.

Entón, vía parlamentaria estamos presentando iniciativas e dicirlle tamén que esta taxa segue a mesma filosofía que segue o seu compañeiro Pablo Villamar en Narón ou Juventino Trigo en Fene, que aprobaron unha taxa para un saneamento como é obrigado. Outra cousa é que isto é transitorio, como se dixo en repetidas ocasións, que se quere escoitar o que se quere escoitar e que hai un prego de condicións que todos teñen, que foi transmitido a todos os grupos, elaborado por Augas de Galicia, que está sometido a contraste por parte de Emalsa para a xestión mancomunada do servizo en todos aqueles aspectos en que podan compartirse, incluso coa outra marxe da ría, como pode ser a contratación de toda a enerxía eléctrica. Esta taxa faise en función de costes estimados e rigurosamente farase unha auditoría do coste real do servizo, que non se pode avaliar a día de hoxe, a finais de ano e que non só os gastos deste ano, senón todos os gastos anteriores están en proceso de contratación dunha auditoría que vai vinculado a que o que se aprobou no Consello de Administración de Emafesa, onde estaba o Sr. Díaz, onde estaba a Sra. Sestayo, para que esa partida de 2 millóns e medio do orzamento, que non ten por que ser aplicada, pois se apliquen os gastos indubitados, no que estábamos todos de acordo. O Sr. Díaz e o Sr. Costoya, que viñeron comigo a algunha reunión con Augas de Galicia. Se tratou, non se opuxeron en ningún momento a nada do alí tratado. Compartían a mesma posición que nós, pero bueno, cada un mantén a posición que lle interesa. Eu sigo insistindo que poderemos alegar calquera motivo que queiramos. O certo é que o compromiso con outras Administracións, que non foi impedimento, o concello, a Mancomunidade, Augas de Galicia. Aquí, parece ser, pedra de toque e que hai un compromiso coas persoas que están esperando unha depuración integral da ría e os únicos que paralizan ese saneamento, que é certo que non será integral. Os únicos que paralizaron foron aqueles que recepcionaron unha instalación que non funcionaba, que estaba con defectos estruturais acreditados por Applus, que por eso non se activou, con toda lóxica, o compromiso orzamentario con Acuaes ata ter una depuradora que puidese funcionar e a eso estaba supeditado e que non pode pretender, aqueles que enganaron, que estafaron, que mentiron e que a través dunha taxa que non ía para o saneamento rural, senón para reparar fisuras, dietas, motores, bombas, falta de persoal, unha contaminación das augas que saían pola depuración, que superaba en dez veces os valores bioquímicos, pois todo eso foi o feito polo goberno anterior. Podemos estar mirando para o pasado, podemos facer alegacións a unha aprobación inicial ou podemos paralizar todo o saneamento coa súa maior ou menor efectividade, eficiencia do sistema actual, devolver as instalacións e esperar outros trinta anos a que veña outro goberno pois a activar o saneamento da ría e eso está nas nosas mans.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Muchas gracias. Bueno, yo he estado escuchando y a ver, me parece que lo que va a pasar aquí hoy es precisamente lo que hablaba ya en la primera intervención del primer punto, que es fruto de la improvisación. Vinculamos muy detenidamente ya en la Comisión y manifestamos y reiteramos que tenía que ser un

punto votado conjuntamente porque podía encontrarse con la paradoja de que aquí la depuración no se pudiera realizar y hemos derogado una tasa para que ahora se vaya a plantear que no se aprueba la siguiente.

En Comisión, además quiero recordar al Sr. alcalde, que precisamente sobre el tema de las empresas, hablé expresamente en ese reparto que no entendía excesivamente y también hablé de las exenciones a los parados, posteriores al 2010, que veía una incoherencia. Ni siquiera ese punto de los parados pues se ha modificado. Aquí se manifiesta, como también lo he manifestado yo que, claro, hablar de Emafesa que para unas cosas sí para otras no, que un mínimo, cierta información a mayores era necesaria. Está pidiendo que con los ojos cerrados vayamos, en este caso que confiemos ciegamente en que se va a revisar todo y que esos cálculos estimativos son los razonables. Yo, por mi parte, lo que vamos a hacer desde el grupo municipal de Ciudadanos, es abstenernos por considerar que sería efectivamente perjudicial votar en contra de una nueva tasa, porque queremos saneamiento, pero no voy a acompañarlo tampoco en una huida hacia delante, precipitada, como me parece que está haciendo. Entonces, desde Ciudadanos, por coherencia a lo que dijimos en Comisión y que queríamos vincularlo y no ha sido así, no ha sido posible, lo que vamos a hacer es abstenernos.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Eu, en primeiro lugar, dicirlle ó Partido Popular que as fisuras non apareceron en 2015. Según a Confederación Hidrográfica do Miño - Sil, apareceron a partir de 2012, cando entregaron as chaves. Antes non había fisuras. E que é porque hai uns cambios de temperatura brutais nesta cidade que provocan que revente todo.

Vostedes pasaron os catro anos do seu mandato sen establecer ningún control sobre esa infraestrutura. Recepcionaron esa infraestrutura a través da Xunta de Galiza sen facer ningún tipo de control sobre ela e asumiron a encomenda de xestión desa infraestrutura sen cuestionarse que é o que estaban asumindo. Eso é o que vostedes fixeron ó longo do seu mandato.

En segundo lugar dicirlle que o saneamento require dunha taxa. Pero xa llo dixen, penso que na miña primeira intervención. O que lle dixen é que compartían o argumento. Quen ter que ler a Directiva da Unión Europea e non só a Directiva da Unión Europea, senón os decretos da Xunta de Galiza, creo que é vostede, porque o que recollen esas Directivas e eses Decretos é que os verquidos de augas residuais están prohibidos. Eses Decretos e esas Directivas recollen que as redes teñen que ser separativas e recollen que está prohibido tratar augas brancas nos sistemas de depuración e isto o único que demostra é que os seus principios son un pouco marxistas. Teñen uns, pero cando lles interesa os cambian e a lei se cumpre cando lles interesa e cando non hai que cumprila non lles interesa. Porque é tan ilegal verter á ría como eso que vostedes argumentan. É tan ilegal asumir un sistema de depuración que vai provocar verquidos nesta ría coma o feito de que se poña ou non unha taxa. Pero a vostedes o que lles preocupa é que se poña a taxa, que se verta á ría, eso non lles preocupa. Nin lles preocupou antes nin lles preocupa agora.

En terceiro lugar dicirlle que se o seu obxectivo é pagar o mesmo que Narón, pois creo que teñen un obxectivo un pouco especial. Se o que lle preocupa ó Partido Popular e á Sra. Aneiros é que a imposición dunha taxa que para os veciños e veciñas desta cidade é unha estafa, tamén estafen ós veciños de Narón, creo que teñen un problema. Que o 80% do importe da taxa o paguen os veciños e veciñas desta cidades, os cidadáns de a pé, eso si que non lles preocupa. Que o custe fundamental de asumir o saneamento nesta cidade o paguemos todos e todas nós, eso non lles preocupa. Lles preocupa que poidan incrementarse o custe ás empresas ou algún particular en concreto. Pero que os veciños e veciñas desta cidade e os comerciantes sumen o 80% deses custes, eso non lles preocupa nada.

A taxa do Partido Popular non incluía o saneamento na zona rural. Deixe de dicir cousas que non son certas. Deixe de dicir cousas que non son certas. A taxa do Partido Popular só tiña os custes definidos para o ano 2014, ano 2015 e ano 2016 e o suposto saneamento da zona rural non estaba incluído neses importes. E, por tanto, a taxa que se cobrou no ano 2014 non ten nada que ver co saneamento na zona rural e, por tanto, non incluía nada relativo ó saneamento nese ámbito da cidade. Algo que o actual goberno vai a seguir facendo, e é cobrarlle ás persoas que non están conectadas á rede de saneamento. Pero como dixo o Sr. Rey Varela, "pusieron ustedes la menor tasa posible y pensaban que la iban a revisar a la baja". Algo parecido é o que veñen a dicir vostedes no momento actual. Porque o certo, dicía vostede, que os interceptores que non se poñen a funcionar e que aquí hai un problema de deixación. O certo é que os interceptores están sen entregar. O certo é que as obras que desenvolve Acuaes están sen rematar e que unhas obras que tiñan que estar rematadas no ano 2015, se nos vai a cobrar o feito que desde ese ano, desde decembro de 2015 ata o día de hoxe, vamos a ter que pagar non só os custes que se producen a maiores para a construción desas obras, senón o mantemento e a conservación desta infraestrutura porque non se puxo a funcionar. E sobre eso non teñen nada que dicir, porque son absolutamente cómplices con todas estas decisións. Eso lles parece normal, que teñamos que asumir o 25% desas obras, o ven normal. E neso quero dicirlle, Sr. Suárez, cando fala vostede do convenio con Acuaes, que unha cousa é a modificación dese convenio no ano 2015, que fixo o Partido Popular, que pasou de incrementar os costes do 10% ó 13% e outra cousa é o informe de 2016, que asume que os veciños e veciñas desta cidade asumamos os costes da tarifa variable. Son dúas cousas distintas. Na adenda de 2015 o Partido Popular presentou esa modificación do convenio sen ningún informe da fiscalización da Intervención e, por tanto, é susceptible de anularse. Pero é que vostedes xa non presentan ese informe. Vostedes nin o traen ó Pleno, o que é unha modificación do convenio. Porque modificaron os importes da tarifa fixa, modifican os importes da tarifa financeira e lle incorporan os importes da tarifa variable. E, como digo, non é que non teña informe, é que non o trouxeron nin ó debate plenario. Outra cuestión que lle quería comentar, e dígoo, xa non por vostede, senón porque parece que hai aquí unha especie de tendencia a facer política no Concello de Narón. Creo que o Sr. Blanco vai ter bastantes opositores nas próximas

eleccións do ano 2019, porque creo que, eu lle recomendo, tanto a vostede coma ó Sr. Díaz, que se non está aquí que se presenten ás eleccións no Concello de Narón, porque case falan máis das decisións que se toman neses Plenos municipais, que das posicións que adoptamos aquí. E dicirlle, en todo caso, que o Concello de Fene non pagou un só euro para as obras. Eso en primeiro lugar. E, en segundo lugar, que o Concello de Fene non xestiona a infraestrutura. O Concello de Fene non xestiona a depuradora.

Perdón, os interceptores non, a depuradora, esto está xestionado todo a través de Augas de Galicia. Outra cousa é que teña unha taxa para desenvolver eses custes. Pero a xestión non é do Concello de Fene.

Decía que eses concellos, o Concello de Fene, o Concello de Narón e o Concello de Neda, xunto co de Ferrol, dicía vostede que pretenden desenvolver unha xestión mancomunada e anunciaron todos eses argumentos de xestión mancomunada ó longo de todos estes meses. Cando en xaneiro de 2016 xa lle encargaron a Acuaes a xestión dos interceptores. Nas Comisións de seguimento do convenio. Por tanto, todos eses anuncios é obvio que eran anuncios baldíos e, en todo caso, esa suposta xestión mancomunada se fai en base a documentos que son contradictorios, porque o que non acabamos de entender é que os custes eléctricos para a xestión da infraestrutura, en base a eses documentos que desenvolven vostedes na Mancomunidade, supoñan 852.000 euros e que na taxa que vostedes pretenden impoñer hoxe supoñan 1.330.000 euros. Creo que é suficiente motivo para cando menos fiscalizar os custes eléctricos desta taxa. E, segundo, porque unha xestión mancomunada, a suposta xestión mancomunada que vostede fala, o único que ten como obxectivo é facer unha xestión privada desa infraestrutura. Eso é o único que ten como obxectivo. O único que vostedes elaboraron foi un prego de condicións para que a marxe sur e a marxe norte, a través de Augas de Galicia desenvolvese un proceso de contratación a través dun concurso público para a xestión privada desa infraestrutura. Esa é a súa grande aportación e ademais no momento actual o que fan é decidir que esa proposta xa non lles vale, porque obviamente os cálculos que aparecen nesa proposta tampouco son asumibles e encargan a Acuaes a xestión desa infraestrutura. Como digo, en xaneiro de 2016. Esta é unha decisión que toman en xaneiro de 2016. Non a tomaron hoxe, nin onte. E demostra que esto de improvisación non ten nada e, obviamente, supoño que a tomarían de acordo co Partido Socialista e senón vostedes saberán que tipo de xestión facían. Por moito que insista vostede que non queda máis remedio que adoptar estas decisións.

SR. ALCALDE: -Sr. Rivas, un segundo, que son as doce e temos un minuto de silencio por cada vez que hai unha vítima de violencia machista. Se lle parece interrompimos durante ese minuto o Pleno para o minuto de silencio e xa o facemos aquí, xa non baixamos. De acordo?

SR. ALCALDE: Pode continuar, Sr. Rivas.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Remato xa. A realidade é que non importa que xestionen unha depuradora que non podía entrar en funcionamento e que asuman vostedes a reparación. Non importa que

privaticen a xestión da infraestrutura co seu beneficio industrial incluído. Non importa que os custes eléctricos sexan esaxerados. Non importa que non sexamos os propietarios da infraestrutura e fagamos o encargo á trasnacionais para o seu funcionamento e posta en marcha. Non importa que haxa veciños e veciñas desta cidade que paguen por un servizo que non teñen ó non estar conectados á rede de saneamento do Concello de Ferrol e parece que a vostedes non lles importa nada. Nós estamos de acordo en que se poña a infraestrutura a funcionar, pero que a poñan a funcionar responsables desta desfeita. Que o Ministerio de Fomento, despois de trinta anos desde que se declarou de interese xeral a construción do saneamento na ría de Ferrol, cos interceptores case rematados, pero sen entregar, que decida que non a vai a poñer a funcionar. Que Augas de Galicia e a Xunta de Galiza, cunha depuradora que entregou e que non podía funcionar, agora, se ten esa posibilidade que o faga e que decida que non a vai a poñer a funcionar, que se atrevan a facelo e que lle digan ós veciños e veciñas desta cidade que non poñen a funcionar a infraestrutura porque non queren ou porque lle queren facer chantaxe a este concello. A realidade é que non lles vai facer falta, xa os teñen a vostedes para facerlles de escudo e de parapeto e que todas estas cuestións non teñan que asumilas os responsables directos de todo este despropósito e de toda esta desfeita. Moitas grazas.

SRA. SESTAYO DOCE: Brevemente, creo que non hai moito máis que dicir. Estamos, dende o grupo Socialista lle pedimos que rectifique o empeinamento por facer unha taxa en base ós custes dunha empresa privada, que parece que vostede quere sanear a costa de toda a cidadanía de Ferrol. É un xiro copernicano dentro do anunciado e, polo tanto, de verdade que seguimos sen entendela e vimos que non hai argumentos.

A postura do Partido Socialista é ben clara, Sr. alcalde. Non intente manipular. A postura do Partido Socialista está na acta do goberno do 22 de febreiro de 2016, cando despois de moitas xuntanzas nas que, efectivamente, por lealdade non se facían públicas as discordancias, consta nesa Xunta de Goberno que vostede despois, pechou despois desta intervención do Concelleiro de Servizos, ó que tivo tanta presa e sempre quixo cesar, como consta na hemeroteca.

Por cuestións como esta, as taxas se impoñen con rigor, con claridade, con transparencia. Se teñen que facer os custes baseados en intereses públicos. A este concello e a esta Corporación correspóndelle a defensa do interese público, a defensa da cidadanía, a defensa, evidentemente, do saneamento, pero non o saneamento para beneficio da empresa privada, senón o saneamento para beneficio de Ferrol. Para beneficio da cidadanía. Nos toca defender ese interese. Busque vostede os consensos, non sei se os ten, para sacar o saneamento a través das maiorías que corresponden e maiorías que se alíen co pobo de Ferrol, ó que temos que representar.

Insistimos, o único estudio de costes presentado é este, Emafesa, cos que tanto nos peleamos, no sentido metafórico da palabra e tamén verbal e nos Consellos de Administración, onde existen declaracións ben claras do papel dos conselleiros e conselleiras da parte pública. Dende logo no Partido Socialista non entendemos este

xiro, alcalde. Polo tanto creo, de verdade, polo interese de Ferrol, que vostede ten que rectificar.

SRA. ANEIROS BARROS: -Sr. Rivas, es que no le voy a contestar porque es que usted solo queda reflejado. Es decir, lo que no se puede es manipular las cosas hasta el punto que las manipula. Solo voy a contestarle a una cosa, porque ya me parece gravísimo. No sé si es porque no se entera, que no lo creo, se lo digo de verdad. O porque simplemente sigue en su juego de mentir y no pasa nada.

Mire, inversiones del rural, Sr. Rivas. Mírese. Que usted estaba en este Pleno en el mandato anterior, pero a lo mejor otro concejal podría no tener que decírselo, pero usted estaba en este Pleno. Mírese el estudio de costes, mírese el PEC, mírese el detalle de las inversiones en la zona rural, con un cronograma hasta el 2020 y con un proyecto valorado en más de 6 millones de euros, con un compromiso del socio privado de renunciar a la reposición del importe al que le correspondía por su participación en la empresa. Míreselo, Sr. Rivas, porque usted miente, simplemente. En la tasa del PP iba el proyecto del saneamiento del rural. Iba incorporado. Hay un proyecto en este concello, que lo conocerá el alcalde, porque está gobernando, hay un proyecto y hay un cronograma con una inversión, con un plan de financiación. Y decir lo contrario es mentir. Léase los documentos, que le vendría bastante bien para no faltar a la verdad.

Después decir alguna cosa. Decía, Sr. alcalde, que su objetivo es mancomunar el coste del saneamiento en toda la ría, que nos entregó ese pliego. Y la verdad es que después de oírlo, yo no sé si usted cuando habla piensa bien las cosas que dice. El otro día decía que en el otro margen de la ría los ayuntamientos pagaban el doble de lo que íbamos a pagar nosotros. En primer lugar decir que creo que se está equivocando. Pero bueno, allá el Alcalde de Ares, de Mugar dos y de Fene, que digan lo que tengan que decir, si es así o no. Pero, dicho lo cual, me preocupa que aquí mancomunemos el coste y que Ferrol, que va a pagar la mitad -dice usted- con esta tasa vamos a mancomunar con los que pagan más. O sea que al final Ferrol pagará lo que pagan de más los del otro margen de la ría. No sé si ese es el tema, pero bueno. En fin, mancomunar y unirnos a vecinos que pagan más, creo que no es a lo mejor el mejor negocio, ya nos lo explicará. De todas formas creo que eso nunca lo veremos. Esa es mi humilde opinión, porque si no han conseguido hacer nada hasta ahora no creo que consigan mancomunar el saneamiento en toda la ría. Me parece bastante complicado.

Y después decir que me deja muy preocupada, Sr. alcalde, y se lo digo con toda la sinceridad del mundo. Me deja muy preocupada que no haya conseguido contestar a ninguna de las cuestiones que le he planteado. Me deja preocupada que no esté preocupado usted, valga la redundancia, por la zona rural, que no tenga ningún plan para el saneamiento de la zona rural, pero es que me preocupa mucho que en este Pleno haya dicho hace un momento que los vecinos de Narón tienen una tasa por la que van a pagar menos que los vecinos de Ferrol y usted no me ha contestado. Eso me parece muy grave. Me parece muy grave que pase de puntillas por este tema. Yo le he pedido una explicación. Yo invito, de verdad que invito a todo el mundo, a que coja las dos tasas y haga el cálculo, porque creo que no me he

equivocado. Y si me he equivocado que alguien me lo diga. Por eso me preocupa. Cómo puede haber una diferencia de más de un 40% entre los vecinos de Ferrol y los vecinos de Narón. Explíquemelos, que se lo acabo de pedir y usted no me ha contestado. Yo si me lo explica a lo mejor lo entiendo y creo que todos los vecinos tienen derecho a saber si van a pagar más que los de Narón. Creo que como mínimo tenemos derecho a saberlo. Entonces, si nos lo explica a lo mejor lo sabemos. Por eso me preocupa mucho. Y me preocupa mucho su postura de victimismo habitual que adopta. Porque basta ya del victimismo, Sr. alcalde. ¿Cómo que entregar las llaves de la depuradora? ¿Pero es que, qué me está diciendo? Que usted es el Alcalde de Ferrol. ¿Qué me está contando? Nos trae una tasa sin negociar, sin dialogar con nadie y usted espera que se la apoyemos con una venda en los ojos y qué más da si Ferrol paga más que Narón. Qué más da el rural, qué más dan todas las demás cuestiones. Eso no le importa. No habla con nadie y exige que vengamos aquí a apoyar lo que a usted le interesa.

-Sr. alcalde, yo creo que deje de victimizarse, deje de hacer que todos somos malos y ustedes el bueno. Yo creo que ya está bien. Y déjese ya de anunciar "voy a entregar las llaves" o "voy a entregar la depuradora". Lo que hay que hacer es poner en marcha la depuradora, con una tasa que sea justa, que era lo que usted prometía. Eso es lo que hay que hacer así que, en fin, déjese ya de ese victimismo. Yo desde luego entiendo, puedo entender esta situación, hasta creo que en cierta medida no muy agradable para usted porque, efectivamente, usted prometía una cosa en campaña y hoy se acredita que era mentira lo que usted prometía, que engañaba cuando decía que no iba a haber tasa y hoy tiene que asumir que tiene que haber una tasa. Eso entiendo que no sea agradable para usted. Pero quizá se equivocó como el Sr. Rivas, cuando estaba en la oposición y prometía lo que no podía cumplir.

Mire, Ferrol está abandonado, pero gracias a su gestión nefasta, Sr. alcalde. El saneamiento abandonado y desde luego es por su culpa que esté paralizado desde hace más de un año. Hoy podríamos estar depurando las aguas al 100% y estamos así por su responsabilidad. Hoy podría estar el proceso de depuración completo y estamos así por usted. Son incapaces de gestionar nada. Y parece que ni sienten ni padecen, se lo digo de verdad. El saneamiento desde luego demuestra que no le preocupa. Suspendió una tasa sin medir las consecuencias. La suspendió y dejó de hacer y se acabó. Y ese fue su error. Suspendir una tasa pensando que así contentaba a todo el mundo y no hacer nada. Porque, insisto, llevamos más de un año con esa tasa suspendida y vendrán las lamentaciones y alguien tendrá que pagar. Por lo de pronto ya se nos ha quitado o pretende quitar dos millones y medio de euros de esos presupuestos. Ya nos explicará para qué y por qué y todo esto sin dialogar lo más mínimo. Sin reunirse con los grupos lo más mínimo, por lo menos con éste, sin intentar buscar apoyos. Ese es el resumen del saneamiento y el resumen del resto.

Seguimos sin presupuestos. Siguen gobernando con los presupuestos del Partido Popular del 2015. Llevamos más de un año sin inversiones en nuestra ciudad. Engañaron a la gente prometiendo remunicipalizaciones, incluía la del agua. Dónde están las remunicipalizaciones. Es que no han iniciado ni una. Ni la primera. Y

esa era su bandera, esa era su estrella electoral. ¿Dónde están? El otro día nos enteramos que ni siquiera en el mantenimiento de viales va a haber esa remunicipalización con la cuadrilla de obras. Que ahora se acaba el contrato y que el mantenimiento de viales en Ferrol lo van a asumir cuatro personas, cuatro funcionarios. ¿Hasta cuándo? Quién sabe. ¿Esa es su remunicipalización, Sr. alcalde? ¿Es ésa?

Convenio de Defensa. Totalmente bloqueado. Siguen hablando del terreno del Sánchez Aguilera. ¿Pero cómo hablan del Sánchez Aguilera si tienen un convenio de Defensa parado que no va ni siquiera la partida del convenio de Defensa en ese borrador de presupuestos?

De la participación ciudadana. En fin, mejor no decir nada. Y mientras pues ahí sigue. Ahí sigue agarrado al sillón y sin molestarse en buscar el apoyo de ningún grupo político. De ninguno.

Mire, para acabar. Decía que el fraude -hablaba del fraude- el fraude, Sr. alcalde, es perder las elecciones como las perdió usted y acceder a la Alcaldía como accedió usted, con un pacto de perdedores y que un año y medio después, esos que lo apoyaron le hayan quitado ese apoyo. Eso sí que es un fraude, Sr. alcalde. Desgraciadamente no ha sido capaz de mantener esos apoyos en todo este tiempo. Y eso es un fracaso. Y eso es un fraude también, Sr. alcalde. Habla del bloqueo y aquí el único bloqueo es usted, Sr. alcalde. Pienselo bien, se lo digo de verdad. Porque esto yo creo que ya está llegando a un punto que no tiene retorno. El único bloqueo que hay, insisto, es usted. y sabe cuál es la solución a ese desbloqueo, que es pues que usted se vaya.

SR. ALCALDE: Moitas grazas polas leccións morais, éticas e cívicas, Sra. Aneiros. Eu polo momento son un firme defensor da democracia. Creo que o noso sistema democrático avala o que vostede chama un pacto de perdedores e é o resultado dunhas eleccións democráticas, onde a esquerda superou en votos á dereita. Sei que doe, sei que a xestión 2011-2015, cuns últimos seis meses de hormigonados masivos e nada máis en todos os catro anos. Pois pode que pasara factura electoralmente. Non vou entrar moito pois neses xuízos de valor. Eu ánimoille a que sexa valente. Sei que moitos dos seus xa marcharon para instancias superiores. O patadón para arriba está moi ben visto no Partido Popular. Non sei se vai haber algún máis. Hai porras para ver quen é o seguinte que se vai. Exactamente... -Se me deixa falar, se non me deixa falar... Entón o que lle animo a que sexa valente. Vostede ten moita arrogancia de como se teñen que facer as cousas, de que somos unhas vítimas, pois dea un paso ó fronte, presente unha moción de censura, igual, quen sabe, ten os votos necesarios para conseguilo e pode gobernar e activar o saneamento, facer rexurdir esta cidade ou ese contrato de mantemento de viais que tiñan antes, recuperalo con mesturas que duraba cinco meses e o resto do ano non existía, porque esa é unha realidade, está aí, é certificable. Ou ese saneamento do rural, como se pensa facer todo o saneamento do rural nunha encomenda que ten tres anos de vixencia, que eso doulle a razón a Iván Rivas nese sentido. E, polo demais, non vou entrar a valorar as súas declaracións. Simplemente dicir que a depuradora non é de titularidade municipal. A depuradora é unha instalación que non é de titularidade municipal, que estamos por responsabilidade, para activar o sistema de saneamento, facendo

reparacións, despois de facer auditorías para quedar certificado en vía xudicial, que esas reparacións non tiñan que terse feito e que, dende logo, os que tiñan que responder, o que estamos agardando aínda son as actas de recepción, tanto de Augas de Galicia como do Concello de Ferrol como de Emafesa, para ver en que estado estaba a depuradora e que ese acto tan bonito, tan festivo, onde iban todos vostedes ou gran parte de vostedes coa mascarilla na cara, aplaudindo, publireportaxes, vinte minutos e publireportaxes, pois non sei que lles parecía ese xurro que saía pola depuradora, se tamén sacaron fotos coma nós ou simplemente taparon o nariz con visvaporús.

SRA. RIVAS RICO: Eu unicamente por alusións, non teño pensado volver a intervir. Unicamente dicir que teño aquí o informe de Audigal, o informe de Emafesa sobre o cal se baseou a taxa do Partido Popular no ano 2014. Non hai un só custe imputable a inversións na zona rural no ano 2014, no ano 2015 e no ano 2016 e o único ingreso previsto é unha subvención de 6.739 euros no ano 2016 por imputacións de subvencións públicas e investimentos na zona rural. Este é o grande proxecto do partido Popular no anterior mandato para a zona rural. Este. Este.

SRA. ANEIROS BARROS: Yo para finalizar. -Sr. Rivas, me gustaría que el Sr. alcalde le entregara una copia del proyecto para el saneamiento de la zona rural. Es un proyecto bastante grande. Entonces, en fin. Creo que puede pesar incluso dos o tres kilos del documento que es. ¿Vale? Entonces esa es una realidad, Sr. Rivas, es una realidad. Puede decir lo que quiera, pero ya está. Simplemente, pues me deja preocupada porque, insisto en que no ha contestado a las cuestiones que le he planteado, con lo cual entiendo que usted lo que hoy traía a este Pleno era una tasa que pasaba porque los vecinos de Ferrol pagaran más que los vecinos de Narón. Supongo que eso lo da por bueno, supongo que eso lo asumo, le he pedido una explicación y no me la ha dado. Entiendo que usted lo asume y entiendo además, que es lo más grave, es que usted mintió cuando decía que Ferrol y Narón iban a pagar lo mismo. Me parece de una gravedad realmente preocupante para un alcalde. Que pretenda engañar a la ciudadanía diciendo que Narón y Ferrol van a pagar lo mismo trayendo al Pleno una tasa que es completamente distinta a la de Narón. Hagan los cálculos. Yo, vuelvo a decir, invito a todos. La diferencia es de más de un 40%. A mí me parece muy grave. Y más grave que no se haya dado una explicación y que aún encima se haya pretendido engañar anunciando una tasa que sería exactamente igual. Y de lo demás, pues en fin. Como yo, ya estamos cansados de pedirles documentación. No me ha dicho tampoco si llegó o no esa carta dirigida al alcalde, remitida por Emafesa. En fin, seguimos sin documentación, seguimos sin información. Pues nada, siga así.

SR. ALCALDE: Moitas grazas, Sra. Aneiros. Simplemente dicirlle que o cálculo da taxa foi feito conxuntamente con Narón, para un fogar de consumo medio, de 72 euros anuais.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levantou a sesión, sendo as doce horas e dezanove minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

Visto e prace,
O Alcalde-Presidente

O Secretario Xeral,

Don Jorge Juan Suárez Fernández

Don Leopoldo Moure García